




# AS COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES



ÁREA PEDAGÓGICA

ÁREA PROFESIONAL

ÁREA SOCIAL




XUNTA  
DE GALICIA

<b>I. Introducción: a necesidade dun novo modelo de competencias</b>	<b>3</b>
I.1 O contexto actual: novos retos educativos.....	4
I.2 O compromiso coa comunidade educativa.....	6
I.3 En liña coas tendencias internacionais .....	7
I.4 Seguindo estándares de excelencia.....	8
<b>II. O novo Marco de Competencias Profesionais Docentes</b>	<b>9</b>
II.1 Antecedentes: contexto e caso de éxito na súa aplicación en Galicia .....	10
II.2 Obxectivos .....	12
II.3 Definición de estrutura do marco .....	12
<b>III. Marco de competencias profesionais docentes</b>	<b>15</b>
<b>IV. O modelo competencial como ferramenta de reflexión e planificación</b>	<b>49</b>
IV.1 Autorreflexión e autoavaliación: docente e centro educativo .....	50
IV.2 Detección de necesidades e planificación da formación.....	51
<b>Bibliografía</b>	<b>53</b>



**AS COMPETENCIAS  
PROFESIONAIS  
DOCENTES**

# **I. Introducción: a necesidade dun novo modelo de competencias**



É notorio que, ao longo da súa carreira profesional, o persoal docente debe adquirir e desenvolver novas competencias no marco da formación inicial e continua que lle permitan actualizar a súa práctica profesional a través de diferentes procesos formativos nos que a observación, o diálogo e o traballo en equipo sexan vías imprescindibles para unha mellora permanente.

Neste senso, faise necesario abordar unha revisión en profundidade dos modelos actuais de formación e innovación establecendo un marco común e claro para o desenvolvemento profesional docente, actualizado e adaptado ao novo contexto histórico, social e educativo no que nos atopamos.

## I.1 O contexto actual: novos retos educativos

O contexto actual, coa globalización, a experiencia vivida durante a pandemia, así como os movementos migratorios e a sucesión de cambios a nivel histórico, económico, tecnolóxico, social, e mesmo pedagóxico, fai patente novos desafíos educativos e implica unha modificación nas condicións de traballo do persoal docente.

Neste panorama cambiante, o noso alumnado precisa, como ben se indica nos informes da OECD<sup>1</sup>, desenvolver a curiosidade, a imaxinación, a resiliencia e a autorregulación. Para acadar este fin, o sistema educativo actual, pode (e debe) empoderar e equipar o alumnado coas competencias que precisa para conformar a súa propia vida e contribuír á mellora da dos demais, dando resposta así ás demandas educativas, sociais, culturais e económicas do mundo actual.

No contexto educativo actual, tanto a nivel estatal como europeo e mundial, estase a traballar no desenvolvemento de competencias clave nas que se engloban os coñecementos, capacidades e actitudes necesarios para proporcionar unha educación permanente e de calidade para todos e todas. Neste senso, existen variados referentes como:

- » A Recomendación do Consello da Unión Europea de 2018<sup>2</sup> que establece oito competencias claves para a aprendizaxe permanente, inclúe distintas propostas para a súa avaliación e apoia o persoal docente no proceso de integración do sistema competencial na súa práctica diaria.

<sup>1</sup> OECD. (2018). *The Future of Education and Skills: Education 2030 -The future we want*. OECD Publishing.

<sup>2</sup> Recomendación do Consello do 22 Maio de 2018 sobre *Competencias clave para a aprendizaxe ao longo da vida* (2018/C 189/01).

- » Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, que teñen como principal misión a procura dunha "Educación para todos" onde prime a adquisición de competencias para o traballo, a promoción da inclusión e da igualdade xunto coa da aprendizaxe para a cidadanía mundial ao longo de toda a vida.
- » A nova normativa educativa estatal e autonómica que establece un novo modelo de currículo en liña coa adquisición de competencias e que vén definido pola súa flexibilidade, inclusión e atención á diversidade.

Todas estas iniciativas están enfocadas a dar resposta a unha serie de retos fundamentais que pasan polos seguintes aspectos:

- » **A aprendizaxe personalizada:** o alumnado ten necesidades únicas e require un enfoque personalizado na súa aprendizaxe. Nesta liña, o persoal docente debe estar capacitado para efectuar este proceso de atención centrado nel.
- » **A tecnoloxía e os cambios na educación:** o eido tecnolóxico está a cambiar rapidamente e a transformar a forma na que se ensina e se aprende. O persoal docente debe estar capacitado para utilizar os recursos e ferramentas tecnolóxicas de maneira efectiva na aula.
- » **A diversidade cultural:** a variada procedencia e orixe do alumnado require un persoal docente capacitado para ensinar de maneira inclusiva e respectuosa.
- » **A educación emocional e social:** as habilidades sociais e emocionais teñen un carácter esencial. Por este motivo, o persoal docente debe estar capacitado para axudar os estudantes a adquirilas co gallo de poderen desenvolverse no eido académico, profesional e social.
- » **As competencias laborais:** o alumnado necesita estar preparado para enfrontar os desafíos do mundo laboral actual. Neste senso, o persoal docente debe estar capacitado para ensinar competencias profesionais relevantes e axudar o alumnado a prepararse para o futuro.

En suma, trátase de educar o alumnado para a sociedade da información e do coñecemento e de actualizar o perfil profesional do persoal docente, que se converterá agora nun acompañante-guía no proceso de aprendizaxe e que contará cun marco competencial de referencia para o seu desenvolvemento profesional no que se recollan as competencias profesionais necesarias para facer fronte a estes desafíos.

Neste marco competencial actualizado o perfil da persoa docente vén definido polos seguintes aspectos:

- » **Contexto de cambio:** o profesorado debe saber traballar nunha sociedade cambiante e diversa.
- » **Coñecementos actualizados:** como especialista na súa materia debe profundar e realizar unha actualización constante dos contidos científicos.
- » **Comunicación como peza clave da profesión docente:** o profesorado debe ser ante todo bo comunicador e fomentará o desenvolvemento dos perfís plurilingüe e intercultural do alumnado.

- » **Seguridade dixital:** o profesorado promoverá a conciencia sobre a seguridade dixital e o correcto uso dos espazos virtuais para dar resposta ás novas demandas científico-tecnolóxicas.
- » **Innovación e liderado:** os e as docentes deben ser coñecedores do proceso de ensino-aprendizaxe e do propio sistema educativo, pois estes son os alicerces sobre os que posteriormente poder innovar e exercer o liderado necesario para impulsar a transformación dos enfoques metodolóxicos.
- » **Xuntos chegamos máis lonxe:** o profesorado debe impulsar no seu alumnado o traballo cooperativo e colaborativo que se revelou como o máis eficaz no seo de todo tipo de organizacións.
- » **Benestar:** o persoal docente debe inculcar no seu alumnado os hábitos para unha vida sa, garantindo o benestar físico e emocional do alumnado.
- » **Atención á diversidade:** o profesorado será quen de pór en práctica a atención á diversidade mediante o fomento dunha aprendizaxe activa baseada no uso de estratexias pedagóxicas inclusivas e na correcta xestión de recursos e espazos de aprendizaxe flexibles e innovadores, tanto físicos coma virtuais.
- » **Valores democráticos:** o profesorado promoverá a participación activa do alumnado en procesos de debate e reflexión compartida que favorezan o desenvolvemento do pensamento crítico e a interiorización de conceptos como a xustiza social e o respecto á diversidade.

---

## I.2 O compromiso coa comunidade educativa

---

O documento que se presenta a continuación constitúe o marco revisado e actualizado das Competencias Profesionais Docentes. Para a súa creación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dende a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, levou a cabo unha revisión en profundidade dos modelos actuais de formación e innovación e, como non podía ser menos, do modelo de Competencias Profesionais Docentes publicado en maio de 2015 pola Rede de Formación (da entón denominada Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) co fin de adaptalo ás novas demandas e realidades existentes no noso panorama educativo.

Deste xeito, respóndese ao compromiso existente con toda a comunidade educativa, garantindo que todo o alumnado teña acceso a unha educación de calidade e asegurando o seu desenvolvemento persoal, educativo e profesional, pois está suficientemente contrastado que a excelencia e a calidade dos sistemas educativos garda unha relación directa cos niveis de desenvolvemento e formación competencial dos seus docentes.

En definitiva, o marco das Competencias Profesionais Docentes achega un indubidable valor engadido que se pode concretar nos seguintes aspectos:

- » **Nunha mellora da calidade da educación,** ao establecer unha serie de competencias que os docentes deben posuír e desenvolver para seren eficientes no seu labor.

- » **Nunha maior claridade e transparencia nos requisitos profesionais**, pois axuda os e as docentes a entender mellor que se espera deles e a identificar as áreas de mellora. Por outra banda, sérvelle á administración no labor de identificar as áreas nas que o profesorado pode precisar formación adicional.
- » **Nunha mellora da eficacia e eficiencia da formación**, xa que ao establecer un marco común de competencias profesionais pódense deseñar programas de formación máis efectivos e eficientes que axuden o persoal docente a desenvolver as competencias necesarias.
- » E finalmente, **nun fomento da innovación e da mellora continua**, dado que a existencia dun modelo de competencias profesionais docentes fomenta a aprendizaxe permanente ao establecer un marco para a avaliación e o desenvolvemento profesional. Isto posibilitará que os e as docentes sexan quen de adaptarse aos cambios na educación e ás necesidades do alumnado.

---

### I.3 En liña coas tendencias internacionais

---

Así mesmo, partiuse do concepto de competencia clave para a aprendizaxe ao longo da vida definido polo Consello de Europa (2018) que concibe a competencia como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes onde:

- » O **coñecemento** está composto de feitos e datos, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidas e apoian a comprensión dunha área ou tema determinados.
- » As **capacidades** son definidas como a habilidade de levar a cabo procesos e usar o coñecemento existente para lograr resultados.
- » As **actitudes** describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante ideas, persoas ou situacións<sup>3</sup>.

O presente marco tamén se fai eco dos resultados de documentos como a enquisa TALIS (2018)<sup>4</sup> que dá voz a máis de 260.000 docentes e persoas directoras dos 48 países/economías participantes no mesmo. Un dos resultados extraídos da mesma foi a identificación de tres claros obxectivos políticos para o desenvolvemento profesional docente que son claves no marco competencial que nos ocupa:

- » Prover o futuro persoal docente dunha formación inicial de calidade.
- » Proporcionarlle á/ao docente en activo unha formación ao longo de toda a súa traxectoria profesional que estea marcada pola excelencia e pola atención ás áreas de alta necesidade.
- » Eliminar as barreiras á participación no desenvolvemento profesional.

---

<sup>3</sup> Recomendacións do Consello do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente (DOUE, 04.06.2018)

<sup>4</sup> The Teaching and Learning International Survey (TALIS) 2018

## I.4 Seguindo estándares de excelencia

---

As recomendacións do Consello de Europa (CE 2020/C 193 / 04), nas súas conclusións sobre o profesorado e persoal formador indican, no artigo 18, que se debe prover marcos competenciais abarcadores, actualizados e relevantes, desenvolto a través dun diálogo estruturado e sistemático, achegando didácticas, estratexias e metodoloxías actuais e innovadoras.

En liña coas directrices europeas, a elaboración do presente marco parte da reflexión e do traballo conxunto de distintos profesionais e nel tivéronse en conta unha serie de aspectos que consideramos imprescindible integrar co gallo de acadar a excelencia no desenvolvemento profesional. Velaquí os principais:

- » **Relevancia:** fundamentarase nas necesidades actuais e futuras do sistema educativo e en reflectir os desafíos e requisitos profesionais esperados dos e das docentes.
- » **Claridade:** debe ser claro e conciso, especificando de maneira precisa as competencias esperadas do persoal docente.
- » **Flexibilidade:** será flexible e adaptable ás diferentes situacións e contextos nos que os/as ensinantes desempeñan o seu traballo.
- » **Coherencia:** cómpre que sexa coherente con outros modelos e estándares relevantes no sistema educativo co gallo de garantir unha comprensión unificada das expectativas profesionais.
- » **Inclusión:** debe ser inclusivo e reflectir as necesidades e expectativas dunha ampla variedade de docentes, incluíndo os que traballan con diferentes grupos de estudantes, en diversos contextos e con variados enfoques pedagóxicos.
- » **Desenvolvemento profesional:** concibirase como un recurso valioso para o desenvolvemento profesional dos/das docentes, proporcionándolles un marco de referencia cara á planificación e á autoavaliación do seu desempeño e desenvolvemento profesional.





**AS COMPETENCIAS  
PROFESIONAIS  
DOCENTES**

## **II. O novo Marco de Competencias Profesionais Docentes**



O resultado que temos ante nós é un modelo conceptual que detalla e ilustra as dimensións do traballo do/da docente e revela unha referencia e unha panorámica global da natureza complexa da función docente, cuxa misión última é o establecemento das condicións óptimas de aprendizaxe do alumnado ao longo da vida.

Este marco é, por tanto, un documento valioso para definir un novo modelo de iniciación á docencia e á carreira profesional docente no que se recollen: o desempeño da función docente, a súa mellora a través da formación, a súa avaliación constante e a certificación da formación recibida.

---

## II.1 Antecedentes: contexto e caso de éxito na súa aplicación en Galicia

---

No ano 2015, a Rede de Formación de Profesorado de Galicia deseñou o **Modelo de Competencias Profesionais Docentes** concibido como un instrumento de referencia para a detección de necesidades e a planificación das actividades formativas, así como para as actuacións de apoio e asesoramento.

Tratouse dun modelo de éxito, xa que contribuíu a acadar a excelencia do sistema educativo galego a través da mellora na formación e capacitación do noso persoal docente e permitindo un seguimento da resposta dada ás demandas, necesidades e expectativas da comunidade docente. Ademais, repercutiu tanto na calidade da avaliación da oferta formativa existente como no deseño da de nova creación.

Tamén foi un obxectivo do marco actuar como ferramenta avaliadora da eficacia e do impacto da formación. No contexto específico do centro serviu como ferramenta para a detección integral das súas necesidades, tendo en conta sistematicamente a eficacia da detección e da formación ofertada e o impacto desta na práctica educativa escolar.

Este modelo inicial concebiuse como un documento vivo que foi enriquecéndose a través de diferentes iniciativas ao longo do tempo:

- » **Entre os anos 2015 e 2018** profundouse no Marco das Competencias Profesionais Docentes mediante unha colaboración internacional ao abeiro dun proxecto KA2 de Erasmus+ que supuxo un enriquecemento xerado coas achegas das diversas perspectivas dos socios participantes. Este enriquecemento traducíuse no recoñecemento da relevancia das competencias relacionadas coa saúde e o benestar dende unha perspectiva individual, facendo fincapé na xestión emocional tanto dende unha perspectiva de comunidade como de construción da cidadanía global.

- » No 2015 iniciouse unha colaboración coas facultades de ciencias da educación das tres universidades galegas cuxos resultados foron publicados **no ano 2017 (CCEOU, 2017)<sup>5</sup>**. Nestes encontros o obxectivo foi enfiar a formación inicial do profesorado coa formación continuada tendendo pontes e tecendo redes que facilitasen o tránsito entre estas dúas etapas e aliñándose cos modelos competenciais que as estruturan. Como resultado deste proceso aínda inconcluso, detectouse que estes modelos, se ben poden incidir e inciden en aspectos diferentes, atenden a un perfil común de xeito que a colaboración continuada entre as entidades responsables é tan importante como enriquecedora.
- » **No ano 2022**, os retos que se mencionan na introdución deste documento evidenciaron a necesidade dunha revisión e actualización deste marco para asegurármonos de que inclúe todas as competencias que esixe a profesión docente de hoxe en día.

Este documento describe o proceso e os resultados dese traballo de revisión. O marco orixinal foi revisado, probado e validado nun proceso iterativo que implicou a persoal de toda a Rede de Formación do Profesorado de Galicia. Este equipo asegurouse de que o marco fose relevante a nivel galego e, ao mesmo tempo, coherente coas políticas educativas autonómicas, nacionais e europeas.

Coa **aprobación deste marco actualizado na primavera do 2023**, cambiarase tamén o deseño e a oferta da formación para o profesorado. Este documento, alén de prover dun contexto teórico global, tradúcese tamén nunha aplicación á estrutura, deseño e avaliación de todas as actividades do Plan Anual de Formación do Profesorado que pasan agora a artellarse en itinerarios formativos enfocados á mellora das competencias.

O marco permite así falar unha linguaxe común e constituír un espazo de intercambio de ideas que permita a creación de redes de centros educativos, de equipos directivos e profesionais da educación, comparando prácticas educativas de éxito, descubriendo investigacións novidasas e contribuíndo a un ecosistema de aprendizaxe rico.

O novo modelo responde a unha vocación de apoio constante na mellora da función docente e da formación permanente do profesorado, dando resposta aos seguintes principios básicos:

- » A **formación do profesorado** entendida como un proceso estratéxico dos centros.  
.....
- » O protagonismo dos **centros educativos** e do seu **profesorado**.  
.....
- » A vinculación entre un modelo de competencias profesionais e as **funcións docentes**.  
.....
- » A detección de **necesidades formativas** do profesorado, dos centros e do sistema educativo.  
.....
- » A **proxección da formación** na práctica docente e no éxito educativo do alumnado.  
.....
- » A estreita relación coa **investigación, innovación** e a **mellora continua**.

<sup>5</sup> **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**. (2017) *Mejora de la formación docente en Galicia: competencias profesionales*. [https://libreria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/competencias\\_profesionales\\_cast\\_19\\_xul\\_2018\\_es.pdf](https://libreria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/competencias_profesionales_cast_19_xul_2018_es.pdf)

## II.2 Obxectivos

---

A actualización do modelo de Competencias Profesionais Docentes ten varios obxectivos:

- » **Mellorar a calidade da educación** a partir do incremento da capacitación profesional do noso persoal docente, identificando as habilidades e coñecementos que este ten para proporcionarlle unha educación efectiva ao alumnado.
- » **Axudar as persoas docentes a desenvolver habilidades profesionais clave**, vinculadas tanto ás funcións e tarefas docentes normativizadas como ao novo perfil docente que demanda a sociedade actual.
- » **Fomentar a profesionalización da docencia** proporcionando un marco claro para a formación permanente do profesorado que contribúa a empoderalo no seu desenvolvemento profesional en contextos de complexidade e incerteza.
- » **Establecer estándares de calidade para a formación e o desempeño dos docentes**. Estes deben ser claros, medibles e aplicables a todos os/as ensinantes e incorporarán as competencias que esixe a educación do século XXI.
- » **Mellorar a colaboración e o intercambio de coñecementos entre os docentes** proporcionando un marco para o traballo en equipo e a colaboración entre estes que impulse o establecemento dunha cultura profesional de aprendizaxe colaborativa.
- » **Poñer en valor a figura do/da docente**, contribuíndo ao recoñecemento e prestixio social da profesión e fomentando a construción da identidade docente.

## II.3 Definición de estrutura do marco

---

A estrutura do Marco de Competencias Profesionais Docentes parte da análise e da reflexión profunda sobre a figura do modelo de docente ao que aspiramos. Para definilo, cómpre estudar as competencias que debería ter e os mecanismos que se porán á súa disposición para que as desenvolva, perfeccione e avalíe ao longo da súa carreira profesional.

Partindo destas premisas estruturamos o modelo de Competencias Profesionais Docentes en catro categorías taxonómicas:

### Categoría de nivel 1 de concreción: **ÁREA**

É a categoría na que se organizan as competencias profesionais docentes. Está vencellada ás funcións docentes e ás necesidades formativas e refírese aos diferentes ámbitos de actuación e desenvolvemento profesional.

As áreas definidas son:

- » **Área pedagóxica:** nela reúnense aquelas competencias relativas ás capacidades, actitudes, coñecementos e saberes docentes de aplicación directa na súa práctica diaria de aula. Implica calquera cuestión relacionada coa metodoloxía, inclusión, atención á diversidade e avaliación.
- » **Área profesional:** recolle aquelas competencias relativas ao desenvolvemento de funcións organizativas e de xestión, tanto do proceso de aprendizaxe ao longo da carreira profesional como de órganos, procesos e agrupamentos colaborativos de centro.
- » **Área social:** esta área agrupa aquelas competencias que teñen incidencia na comunidade educativa e na sociedade en tanto que traballan ODS, saúde integral e benestar individual co gallo de participar no tecido social de xeito sostible e construíndo unha cidadanía global positiva.

### 3 ÁREAS

- » **Pedagóxica**
- » **Profesional**
- » **Social**

## Categoría de nivel 2 de concreción: COMPETENCIA PROFESIONAL DOCENTE

Constitúe o conxunto integrado de coñecementos, destrezas e actitudes que o persoal docente debe pór simultaneamente en xogo para desenvolver as funcións propias da súa profesión acadando un nivel de desempeño de calidade, demostrable e comprobable.

As competencias definidas agrúpanse nas áreas referidas na epígrafe anterior da seguinte maneira:

### 7 COMPETENCIA PROFESIONAL DOCENTE

#### ÁREA PEDAGÓXICA

- » **Competencia didáctica**
- » **Competencia comunicativa**
- » **Competencia dixital**

#### ÁREA PROFESIONAL

- » **Competencia en desenvolvemento profesional**
- » **Competencia en organización escolar e colaboración**

#### ÁREA SOCIAL

- » **Competencia en saúde, seguridade e benestar**
- » **Competencia inclusiva, social e cidadá**

## Categoría de nivel 3 de concreción: DESCRITOR COMPETENCIAL

O descriptor competencial é o conxunto de coñecementos, destrezas, habilidades e actitudes específicos que se poñen en xogo de modo simultáneo. Están vinculados a unha faceta concreta da función docente. Trátase dunha magnitude que mide unha competencia profesional docente e que recolle accións asociadas á mesma. Preséntase de modo graduado, mediante a súa desagregación en diferentes niveis de desempeño.

## 36 DESCRITORES COMPETENCIAIS

### Categoría de nivel 4 de concreción: NIVEIS E INDICADORES DE LOGRO

O cuarto nivel de concreción xorde da necesidade de coñecer en que nivel se atopa o/a docente en relación a unha competencia e descriptor competencial concreto co gallo de poder determinar as súas necesidades formativas futuras e para avaliar o seu desempeño profesional.

No marco competencial analizado, cada descriptor competencial está desagregado en niveis de progreso que veñen, á súa vez, definidos por unha serie de indicadores de logro. Estes constitúen o máximo nivel de concreción competencial e permiten medir de forma fiable, unívoca, cualitativa e cuantitativa o alcance do desempeño da competencia analizada.

Os tres niveis de desenvolvemento definidos son:

- » **Básico:** implica posuír coñecementos actualizados en calquera das cuestións recollidas no marco competencial (normativa, procesos, ámbitos, habilidades...), así como avanzar nos mesmos de xeito titorizado ou con acompañamento. Para acadalo, o/a docente debe presentar tamén un dominio básico dos propios procesos, dentro da normativa correspondente e do contexto do centro.
- » **Medio:** neste nivel enmárcase a figura do/da docente que diseña e implementa estratexias e traballa habilidades de xeito autónomo en todos os procesos. Fomenta a motivación, propia e do alumnado, recibindo e provendo realimentación, promovendo a autorregulación ao tempo que facilita unha aprendizaxe activa.
- » **Avanzado:** o profesorado que posúe un nivel avanzado leva a cabo unha avaliación da súa propia acción nos procesos seguida da proposta de mellora destes. Tamén comparte os resultados coa comunidade docente e exerce un rol de liderado en procesos de investigación e innovación educativa.

## 3 NIVEIS

- » **Básico**
- » **Intermedio**
- » **Avanzado**



**AS COMPETENCIAS  
PROFESIONAIS  
DOCENTES**

## **III. Marco de competencias profesionais docentes**

## ÁREA PEDAGÓGICA

A área competencial pedagóxica abarca unha serie de actitudes, habilidades e coñecementos que son esenciais para a práctica docente diaria da aula.


Os alicerces da mesma son tres competencias (a didáctica, a comunicativa e a dixital) que cómpre exercitar conxuntamente para:

1. **Planificar, organizar e secuenciar a ensinanza** empregando de maneira efectiva os recursos pedagóxicos, espaciais e dixitais que están á nosa disposición.
2. **Activar e aplicar o coñecemento de teorías pedagóxicas** que sustentan a práctica docente, deseñando situacións de aprendizaxe adecuadas a cada contexto e planificando medidas de atención á diversidade.
3. Asegurarse de **xestionar ben a aula**, fomentando a aprendizaxe autorregulada do alumnado e a metacognición a través da avaliación formativa.
4. **Comunicar de maneira efectiva**, combinando tanto o abano de estratexias lingüísticas e non lingüísticas como os recursos dixitais dispoñibles para asegurarse de andamiar a lingua e os contidos e promovendo a participación activa do alumnado.

En definitiva, trátase de pór en acción e de maneira conxunta tres competencias centrais e complementarias para levar a cabo un proceso de ensino-aprendizaxe significativo.







## Competencia didáctica

### Finalidade

Dominar unha serie de elementos e activar un conxunto de estratexias para ser impulsores e guías da aprendizaxe, acompañando e avaliando o proceso, asegurando a igualdade de oportunidades e fomentando a autonomía do alumnado.

### Definición

Xestionar o coñecemento para elaborar e secuenciar a programación, deseñando situacións de aprendizaxe co alumnado nas que se implementen metodoloxías e didácticas inclusivas e axeitadas ao contexto, e se empreguen diversos recursos materiais, espaciais e temporais. O/a docente debe ser quen de actuar de guía e acompañamento no proceso educativo e de avaliación favorecendo a igualdade de oportunidades de todo o alumnado, asesorando no ámbito da acción titorial, académica e profesional e potenciando unha aprendizaxe cada vez máis autónoma.

## Descritores competenciais

### 1.1

#### Xestión do coñecemento

Xestionar o coñecemento para facilitar a aprendizaxe.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Coñece a súa materia, ámbito ou disciplina así como os principios básicos de aprendizaxe e diferentes metodoloxías.</p>	<p><b>1.1.1.</b> Coñece e aplica o currículo da súa materia, ámbito ou disciplina, así como o sistema educativo no que se integra.</p> <p><b>1.1.2.</b> Coñece e aplica os principios básicos dos procesos de aprendizaxe no alumnado.</p> <p><b>1.1.3.</b> Coñece diferentes metodoloxías de posible aplicación para a súa materia, ámbito ou disciplina.</p> <p><b>1.1.4.</b> Actualiza os coñecementos da súa materia, ámbito ou disciplina.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Deseña e implementa na aula situacións de aprendizaxe adecuadas ao currículo.</p>	<p><b>1.1.5.</b> Deseña de xeito crítico e autónomo situacións de aprendizaxe adecuadas ao currículo.</p> <p><b>1.1.6.</b> Implementa de xeito crítico e autónomo situacións de aprendizaxe adecuadas ao currículo.</p> <p><b>1.1.7.</b> Avalía os resultados das situacións de aprendizaxe implementadas de xeito crítico e construtivo e formula propostas de mellora.</p> <p><b>1.1.8.</b> Integra no seu deseño curricular situacións de aprendizaxe baseadas no Deseño Universal de Aprendizaxe e no traballo competencial.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Deseña e aplica na aula novas situacións de aprendizaxe adecuandoas á diversidade do alumnado.</p>	<p><b>1.1.9.</b> Deseña de xeito autónomo novas situacións de aprendizaxe baseadas no Deseño Universal de Aprendizaxe e no traballo competencial e implementa os cambios necesarios segundo as necesidades do grupo, do contexto ou derivadas de situacións sobrevidas.</p> <p><b>1.1.10.</b> Formula, de xeito crítico, propostas de mellora sobre as situacións de aprendizaxe avaliadas de modo competencial.</p>

### 1.2

#### Secuenciación e planificación

Planificar os procesos de aprendizaxe cun enfoque competencial e secuenciar os mesmos en función do contexto curricular.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Coñece os elementos do currículo e deseña unha programación.</p>	<p><b>1.2.1.</b> Domina o currículo da súa materia e a estrutura dunha programación didáctica.</p> <p><b>1.2.2.</b> Identifica as características propias de cada apartado nunha programación didáctica e os aspectos que cómpre tratar en cada un deles.</p> <p><b>1.2.3.</b> Adecúa a programación ás necesidades do alumnado mediante secuenciacións DUA e cun enfoque competencial.</p> <p><b>1.2.4.</b> Deseña, de xeito tutelado, unha programación didáctica, estruturando o currículo e completando con axuda de colegas todos os apartados da mesma.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Aplica na aula a programación deseñada gardando as evidencias do desenvolvemento e dos resultados.</p>	<p><b>1.2.5.</b> Deseña de xeito autónomo unha programación didáctica, estruturando o currículo e completando de xeito autónomo todos os apartados da mesma.</p> <p><b>1.2.6.</b> Selecciona, con criterio, evidencias do desenvolvemento e resultados, de modo sistemático e organizado, para contribuír á mellora dos procesos de aprendizaxe competenciais.</p> <p><b>1.2.7.</b> Avalía de xeito autónomo e crítico os resultados da súa programación valéndose de diferentes instrumentos de avaliación competencial.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Avalía a programación e fai propostas de mellora recollidas na memoria de final de curso e nos informes trimestrais de ciclo, nivel e/ou departamento.</p>	<p><b>1.2.8.</b> Formula propostas de mellora deixándoas reflectidas nos soportes documentais establecidos (memoria de final de curso, informes periódicos...) co fin de compartir os resultados da súa avaliación coa comunidade educativa.</p> <p><b>1.2.9.</b> Orienta o profesorado do seu centro educativo e doutros na planificación de procesos de aprendizaxe competenciais e na secuenciación dos contidos en función do contexto curricular, co gallo de aplicar as propostas de mellora previamente detectadas.</p>

**1.3**

**Espazos, recursos e materiais de aprendizaxe**

Xestionar os espazos, recursos e materiais en función das necesidades metodolóxicas e da motivación do alumnado, creando ambientes que favorezan unha aprendizaxe autónoma e potenciando a dimensión estética do proceso de ensino-aprendizaxe.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Identifica a relación entre diferentes metodoloxías e a selección de recursos (espazos e materiais) físicos e virtuais.</p>	<p><b>1.3.1.</b> Coñece e implementa diferentes formas de distribución de aula e as posibles aplicacións de cada unha delas.</p> <p><b>1.3.2.</b> Identifica o papel que desempeñan a organización espacial e a selección de recursos e materiais no desenvolvemento de diferentes propostas metodolóxicas no contexto do seu centro educativo.</p> <p><b>1.3.3.</b> Identifica as barreiras de accesibilidade e comprende o valor estético dos espazos, recursos e materiais e o seu potencial educativo.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Utiliza recursos (espazos e materiais) físicos e virtuais que posibilitan a implantación de metodoloxías activas xeradoras de benestar emocional.</p>	<p><b>1.3.4.</b> Deseña situacións de aprendizaxe nas que o uso específico e flexible dos recursos (espazos e materiais) físicos e virtuais responde ás necesidades metodolóxicas e promoven a inclusión e a equidade.</p> <p><b>1.3.5.</b> Domina diversas estratexias organizativas e de xestión de recursos (espazos e materiais) físicos e virtuais variados e en diferente formato.</p> <p><b>1.3.6.</b> Recolle de modo organizado e sistemático evidencias gráficas e textuais que permiten documentar cada situación de aprendizaxe.</p> <p><b>1.3.7.</b> Coñece a normativa de seguridade e construción e aplícaa para valorar propostas de transformación espacial.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Avalía a influencia da organización dos recursos (espazos e materiais) físicos e virtuais na motivación e aprendizaxe.</p>	<p><b>1.3.8.</b> Avalía o funcionamento e os resultados da organización dos recursos (espazos e materiais) físicos e virtuais implementados polo equipo docente.</p> <p><b>1.3.9.</b> Formula propostas de mellora encamiñadas a converter os recursos (espazos e materiais) físicos e virtuais nun axente activo do proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p><b>1.3.10.</b> Lidera proxectos de transformación espacial do centro con melloras progresivas que posibiliten o correcto uso das metodoloxías activas de xeito respectuoso coa normativa de seguridade e construción.</p>

## 1.4

### Acompañamento e avaliación

Acompañar o alumnado ao longo da súa aprendizaxe realizando un seguimento dos seus progresos a través dunha avaliación formativa e formadora.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b> Identifica e aplica estratexias e instrumentos básicos de avaliación competencial.</p>	<p><b>1.4.1.</b> Comprende, en todo momento, a función da avaliación no fomento do proceso de ensinanza-aprendizaxe como mecanismo de mellora e de identificación das necesidades educativas a nivel individual e grupal.</p> <p><b>1.4.2.</b> Identifica e aplica diferentes estratexias, instrumentos e procedementos de avaliación competencial que permiten valorar o progreso do alumnado, atender a súa diversidade e detectar as necesidades de formación.</p>
<p><b>Medio:</b> Acompaña e guía o alumnado utilizando estratexias de avaliación formativa.</p>	<p><b>1.4.3.</b> Incorpora, de xeito crítico e autónomo, a avaliación competencial no proceso de ensino-aprendizaxe, como elemento de acompañamento ao alumnado e de regulación da súa aprendizaxe.</p> <p><b>1.4.4.</b> Integra na súa programación didáctica e de aula estratexias e instrumentos de avaliación diferentes, e validados segundo a súa pertinencia, para dar resposta á diversidade do alumnado.</p> <p><b>1.4.5.</b> Implica o seu alumnado, de xeito pertinente e procedente, en procesos de autoavaliación e coavaliación, facéndolle ver a avaliación como un instrumento máis de aprendizaxe e unha oportunidade continua de mellora.</p>
<p><b>Avanzado:</b> Lidera procesos de implantación de novos instrumentos de avaliación competencial.</p>	<p><b>1.4.6.</b> Integra na súa práctica docente novos instrumentos de avaliación competencial procedente da análise de exemplos de boas prácticas no eido da innovación.</p> <p><b>1.4.7.</b> Lidera o proceso de implantación de instrumentos de avaliación competencial innovadores, asesorando e prestando apoio aos docentes do seu centro e doutros centros educativos.</p> <p><b>1.4.8.</b> Fomenta entre a comunidade educativa o uso de organizadores gráficos dos instrumentos de avaliación co fin de visibilizar o grao de progreso do alumnado e detectar tanto as súas dificultades de aprendizaxe como as oportunidades de mellora.</p>

## 1.5

### Didácticas específicas e metodoloxías

Desenvolver estratexias didácticas e metodolóxicas que propicien unha aprendizaxe competencial.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b> Coñece diversas propostas didácticas e metodolóxicas, identificando e discernindo as características de cada unha delas.</p>	<p><b>1.5.1.</b> Coñece e aplica diversas propostas didácticas e metodolóxicas a nivel xeral.</p> <p><b>1.5.2.</b> Selecciona diferentes propostas didácticas e metodolóxicas, recoñecendo as características propias de cada unha delas en función da diversidade do alumnado.</p> <p><b>1.5.3.</b> Analiza e compara diversas propostas didácticas e metodolóxicas en relación ao currículo da súa materia/área/ámbito/disciplina.</p>
<p><b>Medio:</b> Analiza as posibilidades de diferentes didácticas específicas e metodoloxías co gallo de aplicar na aula aquelas que mellor se adaptan ás situacións de aprendizaxe que pretende crear.</p>	<p><b>1.5.4.</b> Participa en proxectos multidisciplinares do centro que abordan diferentes aspectos curriculares independentemente da súa área ou materia.</p> <p><b>1.5.5.</b> Deseña situacións de aprendizaxe competencial que dean resposta á diversidade do alumnado.</p> <p><b>1.5.6.</b> Aplica diferentes propostas didácticas e metodolóxicas na aula, en función do obxectivo de aprendizaxe e da diversidade do seu alumnado.</p>
<p><b>Avanzado:</b> Incorpora a retroacción procedente da análise sobre o funcionamento das didácticas específicas e metodoloxías empregadas, e os resultados acadados, para afondar nas experiencias positivas e reformular as que non acadaron os resultados esperados.</p>	<p><b>1.5.7.</b> Analiza os resultados da implementación das diferentes propostas didácticas e metodolóxicas empregadas e garda evidencias do proceso.</p> <p><b>1.5.8.</b> Recolle evidencias do proceso de análise dos resultados da implementación de diferentes propostas didácticas dun modo sistemático e organizado.</p> <p><b>1.5.9.</b> Incorpora a retroacción procedente da análise dos resultados obtidos coa implementación das diferentes propostas didácticas e metodolóxicas na súa práctica docente diaria mediante a formulación de propostas de mellora.</p> <p><b>1.5.10.</b> Comparte os resultados das investigacións e melloras implementadas coa comunidade docente para dinamizar o uso diversificado de metodoloxías e didácticas específicas que promovan unha aprendizaxe competencial e adaptada á diversidade do alumnado.</p>

1.6

**Acción tutorial e orientación pedagóxica, académica e profesional**

Acompañar persoal e academicamente o alumnado ao longo proceso de formación, facilitándolle orientacións para mellorar o seu rendemento académico, desenvolver as súas capacidades, integrarse socialmente e canalizar a súa vocación.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Coñece o contexto psicosocial, emocional e curricular no que se atopa o alumnado, así como os principios básicos e as funcións da titoría e a orientación nas diferentes etapas educativas.</p>	<p><b>1.6.1.</b> Desenvolve unha análise do contexto psicosocial, emocional e curricular no que se atopa o alumnado como fase previa á planificación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p> <p><b>1.6.2.</b> Coñece a normativa relacionada coa orientación correspondente aos niveis nos que imparte docencia.</p> <p><b>1.6.3.</b> Identifica a normativa referente ás funcións da titoría e aplica aquelas que corresponden ao nivel educativo que imparte.</p> <p><b>1.6.4.</b> Apoia o alumnado na súa aprendizaxe, proporcionándolle retroacción de consecución de logros e/ou posibilidades de mellora e comunicándose coas familias</p> <p><b>1.6.5.</b> Coñece o Plan de Acción Tutorial do seu centro e planifica accións de aula relacionadas co seu desenvolvemento.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Acompaña o seu alumnado proporcionándolle apoio académico, exercendo como guía no seu proceso de formación e integración social e deseñando e avaliando os mecanismos de reforzo ante as dificultades académicas atopadas, así como de mellora da convivencia escolar.</p>	<p><b>1.6.6.</b> Orienta o alumnado para o seu desenvolvemento académico e profesional e, segundo o nivel, no proceso de canalización da súa vocación profesional.</p> <p><b>1.6.7.</b> Deseña mecanismos de reforzo para dar resposta ás dificultades de aprendizaxe.</p> <p><b>1.6.8.</b> Avalía a efectividade dos mecanismos de reforzo aplicados, para dar resposta ás dificultades de aprendizaxe.</p> <p><b>1.6.9.</b> Xestiona a comunicación coas familias de xeito eficaz e autónomo atendendo ás súas necesidades e ás necesidades do alumnado</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Establece canles permanentes de colaboración entre o equipo docente, a titoría e o departamento de orientación para atender as necesidades persoais, académicas e sociais do alumnado, tanto a nivel individual como grupal.</p>	<p><b>1.6.10.</b> Mellora a convivencia escolar mediante a implementación de prácticas restaurativas, creando un ambiente escolar positivo coa participación de toda a comunidade educativa.</p> <p><b>1.6.11.</b> Dinamiza e coordina a comunicación entre as familias e o equipo docente para facer un seguimento detallado do alumnado que conduza á definición e implantación de estratexias de mellora, tanto a nivel individual como grupal.</p> <p><b>1.6.12.</b> Analiza a eficacia das prácticas restaurativas e estratexias de mellora da acción tutorial e orientadora implementadas, e compárteas con outros sistemas educativos.</p>



## Competencia comunicativa

### Finalidade

Comunicar e facilitar coñecemento de xeito fluído e flexible ao seu alumnado. Compilar e aplicar estratexias comunicativas verbais e non verbais, empregándoas co obxectivo de captar e manter a atención, facilitando a aprendizaxe e incentivando a súa utilización por parte doutros.

### Definición

Interactuar de maneira efectiva e contextualizada, empregando a lingua como estratexia de aprendizaxe e comunicación, respectando os códigos e utilizando diferentes canles, tanto no marco estrito dos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto das relacións dentro da comunidade educativa.

## Descritores competenciais

### 2.1 Comunicación verbal

Interactuar de modo oral ou escrito, cunha ou máis persoas para transmitir mensaxes de xeito organizado e comprender as que recibimos, axustando todo o proceso ao contido, aos interlocutores e ás diferentes canles dispoñibles.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Comunica con corrección, dando voz ao alumnado e acompañando e facilitando as interaccións.</p>	<p><b>2.1.1.</b> Aplica estratexias de iniciación e mantemento da comunicación en diferentes situacións, canles (orais e escritas) e rexistros.</p> <p><b>2.1.2.</b> Adapta a comunicación ás necesidades do contexto e das persoas interlocutoras, alternando entre diferentes códigos verbais segundo sexa preciso.</p> <p><b>2.1.3.</b> Acompaña as interaccións entre o alumnado, facilitando, proporcionando realimentación e recursos para a mellora.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Adapta a comunicación en función do contexto e as persoas destinatarias, exercitando a escoita activa e implementando estratexias de andamiaxe.</p>	<p><b>2.1.4.</b> Emprega de xeito espontáneo as estratexias de andamiaxe lingüística, adaptando o rexistro e o nivel á diversidade contextual en cada momento.</p> <p><b>2.1.5.</b> Aplica conscientemente diversas técnicas de adaptación comunicativa como a escoita activa, a modulación do discurso en función da interacción e as posibles adaptacións (significativas ou non) necesarias para cumprir os obxectivos curriculares.</p> <p><b>2.1.6.</b> Xera interaccións comunicativas ricas e eficaces en todas as situacións propias do contexto de aula.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Promove activamente que na comunidade educativa se interaccione facendo uso consciente de distintas estratexias, canles e rexistros, e facilitando que se fagan adaptacións ao contexto e aos interlocutores.</p>	<p><b>2.1.7.</b> Fomenta a creación de comunidades de aprendizaxe interculturais e abertas que serven como canle de desenvolvemento do proxecto educativo do centro e da competencia comunicativa.</p> <p><b>2.1.8.</b> Dinamiza a activación de estratexias comunicativas e o emprego de diferentes canles e rexistros en todas as situacións propias do contexto educativo.</p>

### 2.2 Comunicación non verbal

Empregar a linguaxe corporal e xestual, os elementos paralingüísticos e outros códigos (iconas, debuxos) para interactuar cunha ou máis persoas ao mesmo tempo co fin de transmitir mensaxes e comprender as que se reciben, axustando todo o proceso ao contido e aos interlocutores.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Comunícase a través da linguaxe non verbal, para promover o acompañamento do alumnado e fomentar súa capacidade de interactuar.</p>	<p><b>2.2.1.</b> Aplica estratexias variadas de linguaxe non verbal para ampliar e clarificar mensaxes verbais.</p> <p><b>2.2.2.</b> É consciente do valor semántico da posición e do movemento corporal na comunicación.</p> <p><b>2.2.3.</b> Organiza o seu corpo e a súa xestualidade para acompañar e harmonizar o discurso.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Emprega estratexias e recursos de linguaxe non verbal para ampliar e clarificar significados favorecendo a comprensión tanto do alumnado en xeral como daquel con especiais dificultades.</p>	<p><b>2.2.4.</b> Utiliza espontaneamente estratexias de comunicación non verbal como medida de atención á diversidade.</p> <p><b>2.2.5.</b> Emprega técnicas escénicas (simulacións, xogos de rol, pantomimas, movemento, personaxes etc.) como estratexia para comunicar conceptos complexos e facilitar a accesibilidade.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Promove activamente a interacción non verbal a través de distintas estratexias, canles e rexistros, adaptándose ao contexto e aos interlocutores.</p>	<p><b>2.2.6.</b> Implementa as estratexias de comunicación non verbal (os xestos, as expresións faciais e linguaxe corporal), fomentando a inclusión e xerando interese no seu discurso.</p> <p><b>2.2.7.</b> Deseña estratexias de organización do movemento corporal de xeito harmónico e estético.</p> <p><b>2.2.8.</b> Dinamiza o uso de técnicas escénicas (simulacións, xogos de rol, pantomimas, movemento, personaxes etc.) entre a comunidade educativa para mellorar a comunicación en situacións propias do contexto.</p>

## 2.3

### Mediación lingüística. Recursos e estratexias de apoio

Actuar como intermediarios entre dúas ou máis persoas coa finalidade de facilitar a comunicación cando existan atrancos lingüísticos ou culturais que a impidan ou distorzan.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Apoia a interacción transmitindo a información principal, recoñecendo dificultades e pedindo explicacións sempre que as mensaxes sexan breves e sinxelas sobre temas cotiáns.</p>	<p><b>2.3.1.</b> Adapta, parafrasea e transmite os aspectos esenciais do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado e ás familias.</p> <p><b>2.3.2.</b> Recoñece as dificultades lingüísticas e comunica a natureza do problema con linguaxe axeitada ao nivel do alumnado.</p> <p><b>2.3.3.</b> Coñece e importancia da comunicación aumentativa na relación co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Emprega estratexias colaborativas para mellorar a comunicación entre o alumnado, integrando o coñecemento colectivo e perspectivas diferentes.</p>	<p><b>2.3.4.</b> Traballa de xeito colaborativo aproveitando e desenvolvendo ideas doutras persoas e procesando información de textos longos con detalle.</p> <p><b>2.3.5.</b> Aplica recursos e estratexias achegándose aos conceptos desde diferentes ángulos, desglosando tarefas en pasos máis pequenos, apoiando e fomentando o uso de linguaxe académica.</p> <p><b>2.3.6.</b> Emprega e proporciona ao alumnado estruturas lingüísticas apoiadas en aspectos socioculturais para contribuír ao éxito da comunicación.</p> <p><b>2.3.7.</b> Utiliza estratexias variadas de comunicación aumentativa, procedentes de expertos, como medida de atención á diversidade con alumnado con necesidades complexas de comunicación vinculadas a necesidades específicas de apoio educativo.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Promove formas de comunicación entre o alumnado en contextos interculturais; utilizando diversas estratexias comunicativas, mediando de xeito efectivo e preciso dende diferentes roles, guiando as discusións, xestionando a ambigüidade e prevendo malentendidos, tendo en conta distintos matices e valores.</p>	<p><b>2.3.8.</b> Desenvolve programas de inmersión lingüística e do tratamento integrado da(s) lingua(s) e dos contidos.</p> <p><b>2.3.9.</b> Promove no seu centro situacións comunicativas que poñen en valor a diversidade lingüística e cultural.</p> <p><b>2.3.10.</b> Deseña recursos diversos e adapta propostas validadas en materia de comunicación aumentativa en función das necesidades educativas individuais.</p>



## 2.4

### Sentido estético, dramático e capacidade de emocionar

Manter a atención e transmitir emoción ao alumnado para xerar aprendizaxes significativas facendo uso dos recursos didácticos e do contexto.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Comunícase empregando diferentes linguaxes para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe. Organiza os elementos visuais, e presenta a información dun xeito atractivo e con sentido estético.</p>	<p><b>2.4.1.</b> Coñece diferentes linguaxes e/ou canles comunicativas que conectan coa realidade do alumnado no seu contexto socioeducativo.</p> <p><b>2.4.2.</b> Entende a necesidade de xerar interaccións variadas con diversos elementos narrativos que manteñan a atención e a persistencia na tarefa proposta en cada momento.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Emprega diferentes rexistros e técnicas comunicativas que xeren intriga, humor, sorpresa e que introduzan o alumnado nos procesos de ensino-aprendizaxe. Incorpora elementos de contido e/ou físicos que promovan o sentido estético e a capacidade de emocionar.</p>	<p><b>2.4.3.</b> Incorpora diferentes códigos (visual, xestual, musical, dramático...) fomentando a capacidade de conexión do alumnado coa materia.</p> <p><b>2.4.4.</b> Transmite con naturalidade ideas, tanto de modo figurativo como abstracto, mediante o uso de diferentes linguaxes: audiovisuais, corporais, visuais, plásticas e musicais.</p> <p><b>2.4.5.</b> Crea recursos empregando elementos visuais dun xeito atractivo e con sentido estético.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Domina o uso de diversos códigos para comunicarse facilitando o proceso de ensino-aprendizaxe, mantendo a atención e motivación do alumnado e promove o uso de diferentes linguaxes nel. Emprega os elementos estéticos de xeito que faciliten a aprendizaxe do alumnado.</p>	<p><b>2.4.6.</b> Emprega de xeito espontáneo técnicas e recursos artísticos, incorporando elementos sorprendentes para manter a atención e a motivación.</p> <p><b>2.4.7.</b> Promove entre o alumnado o emprego de diferentes códigos e recursos para as producións con fins educativos.</p> <p><b>2.4.8.</b> É un referente no emprego de diferentes técnicas comunicativas en prol do sentido estético e a capacidade de emocionar.</p>

## 2.5

### Linguas maternas e estranxeiras

Empregar as linguas maternas e estranxeiras como instrumento de comunicación, de representación, interpretación e comprensión da realidade e de intercambio de coñecementos, ideas, pensamentos e emocións.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>É capaz de codificar e descodificar mensaxes (na lingua propia ou estranxeira) empregando unha variedade de técnicas comunicativas verbais e non verbais.</p>	<p><b>2.5.1.</b> Emprega as dúas linguas maternas na súa comunicación, segundo as necesidades do alumnado e en contextos non regulados normativamente.</p> <p><b>2.5.2.</b> Manexa estratexias comunicativas básicas en linguas estranxeiras curriculares para interactuar co alumnado segundo as súas necesidades.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Domina as estratexias de andamiaxe e translingüismo, ligando cognición, lingua e contido para facilitar o proceso educativo.</p>	<p><b>2.5.3.</b> Regula e adapta a lingua (materna ou estranxeira) á zona de desenvolvemento próximo do alumnado e ás súas necesidades específicas.</p> <p><b>2.5.4.</b> Aplica o translingüismo para asegurar a comunicación, garantir a consecución dos obxectivos de aprendizaxe e a mellora da competencia intercultural do alumnado.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Aproveita a bagaxe lingüística da comunidade e a súa realidade sociocultural e familiar para liderar proxectos multilingües e crear situacións comunicativas que activen o coñecemento lingüístico e as habilidades interculturais.</p>	<p><b>2.5.5.</b> Desenvolve mecanismos de aproveitamento da diversidade lingüística e cultural presente na comunidade educativa para fomentar a competencia global do alumnado.</p> <p><b>2.5.6.</b> Fomenta o coñecemento dun mundo globalizado mediante o uso de linguas maternas e estranxeiras para participar en proxectos educativos de carácter internacional.</p> <p><b>2.5.7.</b> Deseña estratexias que dan prestixio ás linguas maternas en todos os contextos educativos, como ferramentas de identidade e riqueza que cómpre conservar.</p> <p><b>2.5.8.</b> Lidera proxectos multilingües no centro en colaboración coa comunidade educativa e con entidades tanto da contorna coma internacionais.</p>



## Competencia dixital

### Competencia dixital<sup>6</sup>

#### Finalidade

Integrar de forma apropiada e efectiva o uso das tecnoloxías dixitais no desempeño docente e que isto reverta na consecución da competencia dixital do alumnado para facilitar o seu pleno desenvolvemento e integración na sociedade.

#### Definición

Conxunto de capacidades, habilidades e destrezas que unha persoa docente debe poñer en xogo para o ensino con soporte dixital ou mediado por tecnoloxía. Esta competencia foi desenvolvida pola Conferencia Sectorial de Educación e publicada na Resolución do 04.05.2022, nun modelo artellado arredor de 6 áreas competenciais, que se subdividen en 23 competencias con 6 niveis de desempeño respectivamente, cos seus correspondentes indicadores de logro.

<sup>6</sup> De acordo co Marco de Referencia da Competencia Dixital Docente. Resolución do 4 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación, sobre a actualización do marco de referencia da competencia dixital docente.

ÁREA COMPETENCIAL	DESCRITOR COMPETENCIAL	NIVEIS E INDICADORES DE LOGRO
<b>3.1. Compromiso profesional</b>	3.1.1. Comunicación organizativa	
	3.1.2. Participación, colaboración e coordinación profesional	
	3.1.3. Práctica reflexiva	
	3.1.4. Desenvolvemento profesional dixital continuo	
	3.1.5. Protección de datos persoais, privacidad, seguridade e benestar dixital	
<b>3.2. Recursos dixitais</b>	3.2.1. Busca e selección de contidos dixitais	<b>Nivel A (A1 e A2)</b> É a etapa correspondente ao acceso, por unha banda á profesión docente e pola outra, ao emprego das tecnoloxías dixitais no desenvolvemento docente.
	3.2.2. Creación e modificación de contidos dixitais	
	3.2.3. Protección, xestión e compartillamento de contidos dixitais	
<b>3.3. Ensino e aprendizaxe</b>	3.3.1. Ensino	<b>Nivel B (B1 e B2)</b> É a etapa de adquisición da experiencia a través da aplicación dos coñecementos, procedementos e actitudes sobre o uso de tecnoloxías dixitais (TD) na práctica docente de xeito autónomo.
	3.3.2. Orientación e apoio na aprendizaxe	
	3.3.3. Aprendizaxe entre iguais	
	3.3.4. Aprendizaxe autorregulada	
<b>3.4. Avaliación</b>	3.4.1. Estratexias de avaliación	<b>Nivel C (C1 e C2)</b> É a etapa da innovación baseada na avaliación e na investigación para o desenvolvemento de novas prácticas. Ampliase a perspectiva para elaborar a análise, avaliacións e propostas que afectan a todo o centro ou a toda a profesión ou ao ámbito educativo en xeral. Adquírese un rol referente.
	3.4.2. Analíticas e evidencias de aprendizaxe	
	3.4.3. Retroacción e toma de decisións	
<b>3.5. Capacitación do alumnado</b>	3.5.1. Accesibilidade e inclusión	
	3.5.2. Atención ás diferenzas persoais na aprendizaxe	
	3.5.3. Compromiso activo do alumnado coa súa propia aprendizaxe	
<b>3.6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado</b>	3.6.1. Alfabetización mediática e no tratamento da información e dos datos	
	3.6.2. Comunicación, colaboración e cidadanía dixital	
	3.6.3. Creación de contidos dixitais	
	3.6.4. Uso responsable e benestar dixital	
	3.6.5. Resolución de problemas	

## ÁREA PROFESIONAL


A área competencial profesional abarca unha serie de actitudes, habilidades e coñecementos que parten do autoexame e da reflexión sobre a maneira en que se efectúa o labor educativo para trazar itinerarios de mellora a nivel persoal e institucional, co fin de converterse en mellores profesionais do ensino e en motores de cambio social.

As competencias englobadas nesta área son dúas: a competencia en desenvolvemento profesional e a competencia en organización escolar e colaboración.

O exercicio combinado destas dúas competencias permite:

1. **Mellorar a actuación docente**, aplicando o aprendido na formación continua e nos achados da investigación recente e levando a cabo accións de innovación educativa.
2. **Implicarse na organización e xestión do centro**, colaborando coa comunidade educativa e con outras institucións para conseguir obxectivos comúns.

En resumo, a área profesional refírese ás capacidades relacionadas co desenvolvemento profesional individual e colectivo e conduce á transformación e mellora non só do/da docente senón do centro educativo e da sociedade en xeral.





## Competencia en desenvolvemento profesional

### Finalidade

Conxugar o seu coñecemento académico e o obtido da súa experiencia docente coas investigacións científicas actualizadas para mellorar a súa práctica docente e dar resposta aos novos retos que formulan o sistema educativo e a sociedade. Para iso, cómpre concretar un plan e unha estratexia ligados á activación das 7 competencias profesionais docentes.

### Definición

Levar a cabo un proceso transformativo, a nivel individual e colectivo, dirixido á mellora da actuación docente e das condicións de traballo no contexto dun centro educativo entendido como motor e unidade do cambio educativo e social. Implica un enfoque práctico e crítico do ensino, a aplicación da investigación exploratoria e explicativa a accións de innovación educativa e a formación continua do colectivo docente.

## Descritores competenciais

4.1

### Compromiso e capacidade de motivar

Mellorar o rendemento e o compromiso profesional a través de factores intrínsecos, como o desexo de superación, de aprender e de atinxir un desempeño profesional óptimo; ou extrínsecos, como o recoñecemento social e o avance na carreira docente.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Identifica os principais axentes precursores da motivación e distingue entre factores intrínsecos e extrínsecos, procurando orientación e apoiando a súa axeitada xestión.</p>	<p><b>4.1.1.</b> Identifica factores intrínsecos de vinculación ao seu desenvolvemento docente, como o desexo de aprender, de superación ou a satisfacción inherente de atinxir un desempeño profesional óptimo.</p> <p><b>4.1.2.</b> Identifica factores extrínsecos de vinculación ao seu desenvolvemento docente, como o recoñecemento social ou entre profesionais do seu ámbito e o avance na carreira docente.</p> <p><b>4.1.3.</b> Xestiona o seu compromiso profesional axeitadamente coa orientación e apoio de profesionais máis experimentados e/ou especialistas na materia.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Xestiona con autonomía factores precursores da motivación intrínsecos e extrínsecos atinxindo un mellor rendemento profesional.</p>	<p><b>4.1.4.</b> Identifica e xestiona de xeito autónomo e axeitado os factores intrínsecos que potencian a súa vinculación e compromiso coa profesión.</p> <p><b>4.1.5.</b> Identifica e xestiona de xeito autónomo e axeitado os factores extrínsecos que potencian a súa vinculación e compromiso coa profesión.</p> <p><b>4.1.6.</b> Xestiona os factores de compromiso coa súa función docente que maior impacto teñen no seu desempeño para unha mellora do seu rendemento profesional.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Optimiza o seu desempeño profesional a través dun manexo eficaz do seu nivel de compromiso e vinculación e proporciona apoio e orientación aos demais exercendo un liderado motivacional no seu centro escolar e/ou noutras institucións educativas.</p>	<p><b>4.1.7.</b> Identifica e controla eficazmente os factores extrínsecos, contextuais e intrínsecos para atinxir o nivel de compromiso óptimo para o seu desempeño profesional.</p> <p><b>4.1.8.</b> Apoia e orienta a profesionais docentes na identificación, aplicación e xestión de factores contextuais precursores da motivación.</p> <p><b>4.1.9.</b> É referente na comunidade escolar e exerce un liderado motivacional dentro e/ou fóra do seu centro.</p>

## 4.2

### Reflexión analítica sobre a práctica docente e xestión da crítica e da retroacción

Avaliar o desempeño profesional de xeito autónomo, detectando fraquezas, riscos e oportunidades de mellora, tomando conciencia das propias limitacións e coñecementos e integrando construtivamente a crítica fundamentada e a retroacción recibida sobre diferentes aspectos da práctica docente para o crecemento persoal e laboral.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Fai uso e responde ao apoio e orientación dispoñibles para reflexionar sobre a súa práctica profesional e xestionar a retroacción recibida.</p>	<p><b>4.2.1.</b> Reflexiona sobre certos aspectos da súa práctica docente con supervisión e apoio de profesorado con maior experiencia para unha reflexión holística.</p> <p><b>4.2.2.</b> Comprende a retroacción recibida, xa sexa por escrito ou oralmente, sobre diversos aspectos do seu desempeño profesional, pero pode haber cuestións que precise clarificar coa persoa facilitadora desa realimentación.</p> <p><b>4.2.3.</b> Aplica con supervisión e orientación as conclusións obtidas dos procesos de reflexión sobre a súa práctica docente á mellora efectiva desta.</p> <p><b>4.2.4.</b> Aplica con orientación e supervisión a realimentación obtida sobre o seu desempeño profesional á mellora efectiva deste.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Aplica a práctica reflexiva e a retroacción recibida de xeito sistemático á mellora do seu desempeño profesional.</p>	<p><b>4.2.5.</b> Reflexiona de xeito autónomo, obxectivo e analítico sobre todos os aspectos do seu desempeño profesional.</p> <p><b>4.2.6.</b> Comprende en profundidade a retroacción recibida, xa sexa por escrito ou de modo oral, sobre diversos aspectos do seu desempeño profesional, identificando inequivocamente as fortalezas e as oportunidades de mellora.</p> <p><b>4.2.7.</b> Reverte os resultados da análise propia e allea da súa actividade docente na mellora sistemática e planificada do seu desempeño.</p> <p><b>4.2.8.</b> Aplica a retroacción recibida sobre o seu desempeño profesional á emenda das posibles fraquezas e á potenciación dos aspectos identificados como positivos.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Asesora e orienta a outros/as na práctica da reflexión docente e lidera os procesos de elaboración de retroacción educativa.</p>	<p><b>4.2.9.</b> Integra de xeito óptimo e crítico a reflexión analítica sobre a súa práctica profesional, integrándoa e difundindo os resultados e as melloras na comunidade docente.</p> <p><b>4.2.10.</b> Orienta e asesora ao persoal docente do seu e/ou doutros centros educativos en materia de reflexión sobre o desempeño profesional co gallo de maximizar a obxectividade do proceso e identificar os aspectos máis significativos que cómpre analizar.</p> <p><b>4.2.11.</b> Deseña rúbricas claras e detalladas para ofrecer retroacción eficaz e específica por escrito sobre diversos aspectos do desempeño profesional docente.</p> <p><b>4.2.12.</b> Facilita retroacción clara e adaptada ás persoas destinatarias, xa sexa por escrito ou oralmente</p> <p><b>4.2.13.</b> Orienta á persoa destinataria, identificando e transmitindo con precisión e detalle fortalezas e oportunidades de mellora para a aplicación máis axeitada ao seu desempeño profesional.</p>

## 4.3 Investigación educativa e innovación

Deseñar e realizar investigacións sobre temas relevantes na práctica educativa, xustificando a súa pertinencia, formulando obxectivos claros e alcanzables, aplicando a metodoloxía máis axeitada e establecendo mecanismos para a avaliación e validación dos resultados co fin de implementar, de xeito sistemático e planificado, prácticas transformadoras orientadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Identifica temas relevantes na práctica educativa sobre os que se poden realizar investigacións, nas que participa con supervisión e apoio, e coñece os pasos do deseño dun proxecto investigador.</p>	<p><b>4.3.1.</b> Identifica de forma crítica temas relevantes na práctica educativa sobre os que realizar investigacións.</p> <p><b>4.3.2.</b> Coñece e identifica os pasos do proceso de deseño dunha investigación educativa.</p> <p><b>4.3.3.</b> Participa en accións de investigación educativa no seu centro baixo a tutela de persoal investigador experimentado e cualificado.</p> <p><b>4.3.4.</b> Identifica prácticas educativas innovadoras e participa nas transformacións que xeran na contorna escolar.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Participa activamente en procesos de investigación e innovación educativas.</p>	<p><b>4.3.5.</b> Participa de xeito activo e autónomo en proxectos de investigación educativa dentro do seu centro ou en cooperación con outras institucións.</p> <p><b>4.3.6.</b> Practica a innovación educativa na súa actividade docente de xeito individual ou coordinado en proxectos organizados con outras persoas e/ou institucións.</p> <p><b>4.3.7.</b> Recolle e analiza na aula datos pertinentes para a investigación, de xeito sistemático e organizado, para contribuír á avaliación e mellora de accións de innovación e investigación.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Propón e dirixe investigacións educativas e deseña e supervisa accións innovadoras e transformadoras.</p>	<p><b>4.3.8.</b> Propón, coa debida xustificación, actividades e proxectos de investigación no seu centro ou no ámbito da cooperación interinstitucional, tanto a nivel nacional como internacional.</p> <p><b>4.3.9.</b> Dirixe proxectos de investigación e innovación no marco da aula, colaborando e adaptando o deseño á metodoloxía e definindo os obxectivos, establecendo a temporalización das accións e atribuíndo funcións e responsabilidades segundo proceda.</p> <p><b>4.3.10.</b> Deseña e implementa procedementos de avaliación de proxectos de investigación e accións de innovación.</p> <p><b>4.3.11.</b> Deseña, coordina e difunde accións innovadoras e transformadoras nos centros educativos en aplicación dos resultados extraídos da investigación e innovación educativa.</p>



## 4.4

### Planificación e xestión do desenvolvemento profesional

Aplicar a diagnose de necesidades formativas á planificación de accións relacionadas co desenvolvemento profesional, establecendo unha temporalización de obxectivos viable e compatible coas obrigas laborais e localizando e facendo un uso eficaz dos recursos necesarios.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Diagnostica as súas necesidades formativas de xeito tutelado e define obxectivos básicos para o seu desenvolvemento profesional.</p>	<p><b>4.4.1.</b> Identifica as súas necesidades formativas coa orientación de profesorado experimentado e especialistas en materia de formación de profesorado.</p> <p><b>4.4.2.</b> Planifica accións dirixidas ao seu desenvolvemento profesional recorrendo á orientación e recomendación de profesorado experimentado e ao persoal asesor en materia de formación.</p> <p><b>4.4.3.</b> Fai un uso axeitado dos recursos necesarios para mellorar o seu desempeño profesional procurando axuda para localizalos ou solicitalos.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Diagnostica e revisa as súas necesidades formativas de xeito autónomo e programa obxectivos a curto, medio e longo prazo para o seu desenvolvemento profesional.</p>	<p><b>4.4.4.</b> Diagnostica de xeito autónomo as súas necesidades formativas.</p> <p><b>4.4.5.</b> Revisa e actualiza periodicamente o seu perfil competencial achegando evidencias válidas.</p> <p><b>4.4.6.</b> Establece obxectivos a curto, medio e longo prazo encamiñados a atinxir un desempeño profesional óptimo, determinando e localizando os recursos precisos.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Encóntrase nun nivel de desenvolvemento profesional óptimo, actualizando o seu coñecemento e aptitudes de xeito constante e exercendo un liderado referencial na tutela de docentes en formación.</p>	<p><b>4.4.7.</b> Fai un seguimento óptimo do seu desempeño profesional incorporando melloras en todos os aspectos da súa actividade en función dos resultados obtidos das accións formativas nas que se participa en función do devandito seguimento.</p> <p><b>4.4.8.</b> Revisa e actualiza o seu coñecemento e aptitudes profesionais de xeito constante.</p> <p><b>4.4.9.</b> Orienta e supervisa o desenvolvemento profesional do profesorado de recente ingreso na función docente ou nos primeiros anos da curva de aprendizaxe.</p> <p><b>4.4.10.</b> Identifica necesidades formativas no seu centro, propón e coordina as accións formativas derivadas en consecuencia.</p>



## Competencia en organización escolar e colaboración

### Finalidade

Dominar as estratexias de relación do/da docente como integrante dunha comunidade profesional (un claustro), cuns obxectivos, deberes e responsabilidades compartidas. Exercitar as habilidades brandas para levar a cabo unha coordinación eficiente e un liderado distribuído.

### Definición

Desenvolver funcións relacionadas coa organización e xestión do centro, a interpretación do contexto de traballo e a aplicación de plans e programas. Refírese así mesmo á capacidade de integrarse e colaborar de forma activa na consecución de obxectivos comúns con outras persoas, departamentos/niveis e organizacións.

## Descritores competenciais

### 5.1

#### Coñecemento da normativa actualizada

Manexar, interpretar e aplicar a normativa vixente, así como os sistemas e recursos de consulta previstos pola administración.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Coñece a norma vixente, aplicándoa no seu labor docente e transvasándoa a todas as terceiras persoas involucradas no proceso.</p>	<p><b>5.1.1.</b> Desempeña o seu labor de docente, de xeito autónomo, aplicando de xeito xeral a normativa vixente a nivel europeo, estatal, autonómico, así como a documentación de organización específica do centro (NOF, PXA).</p> <p><b>5.1.2.</b> Comunica ao alumnado e ás familias os aspectos básicos da norma que lles afectan directamente, mediando e empregando unha linguaxe accesible.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Coñece e aplica a normativa vixente de xeito rigoroso, adaptándoa ao seu contexto e ao seu centro.</p>	<p><b>5.1.3.</b> Relaciona e contrasta diferentes fontes normativas e intégraas rigorosamente nos documentos de aula de cuxa elaboración é responsable (programación didáctica, programación de aula, actas, ACs...).</p> <p><b>5.1.4.</b> Participa nos procesos de elaboración e revisión da documentación interna do centro.</p> <p><b>5.1.5.</b> Participa nos órganos colexiados do centro dende o coñecemento da normativa vixente e da súa aplicación contextualizada.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Coordina e avalía os procesos normativos implicándose nos órganos colexiados.</p>	<p><b>5.1.6.</b> Actúa como referente para as súas compañeiras e compañeiros, resolvendo dúbidas e alertando de posibles actuacións que se desvíen da normativa, sen prexuízo da intervención dos organismos que teñan a potestade na interpretación.</p> <p><b>5.1.7.</b> Avalía as implicacións da normativa vixente exercendo a cidadanía activa e propoñendo actualizacións e melloras.</p> <p><b>5.1.8.</b> Conduce as actuacións dos órganos colexiados coordinando o seu labor e facendo achegas significativas.</p> <p><b>5.1.9.</b> Coordina os procesos de elaboración e revisión da documentación interna do centro e contribúe á súa consolidación e difusión.</p>

### 5.2

#### Xestión de centro e calidade

Administrar a documentación, procesos e recursos do centro así como a aplicación da normativa de calidade segundo as necesidades e intereses dos colectivos destinatarios.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Manexa con rigor os procesos, recursos e a documentación do centro.</p>	<p><b>5.2.1.</b> Comprende a configuración global do sistema educativo así como a documentación organizativa e procesos asociados.</p> <p><b>5.2.2.</b> Emprega a documentación de centro para levar a cabo correctamente procesos de todo tipo (xestión de aula, ACs, actas, convocatorias, probas...).</p> <p><b>5.2.3.</b> Enmarca as súas accións dentro dos procesos propios da estrutura do centro educativo e do seu marco legal, adaptándoas, con axuda cando cómpre.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Xestiona baixo os estándares de calidade os procesos, recursos e documentación do centro.</p>	<p><b>5.2.4.</b> Identifica a xestión da calidade como a diferenza entre os obxectivos planificados e os resultados obtidos.</p> <p><b>5.2.5.</b> Desenvolve o seu labor conforme aos protocolos de calidade propios do seu centro.</p> <p><b>5.2.6.</b> Emprega técnicas efectivas de xestión dos recursos.</p> <p><b>5.2.7.</b> Actualiza os procesos e a documentación necesaria para levar a cabo o seu labor docente segundo os criterios de calidade.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Coordina e avalía os procesos, recursos e documentación do centro.</p>	<p><b>5.2.8.</b> Participa activamente na redacción dos procesos de calidade que se reflicten na documentación do centro.</p> <p><b>5.2.9.</b> Coordina os equipos que actualizan regularmente os documentos do centro segundo a normativa vixente para que sexa efectiva e útil.</p> <p><b>5.2.10.</b> Avalía os procedementos, detectando posibles fallas e facendo novas propostas ou propoñendo melloras.</p>

### 5.3 Deseño, coordinación e execución de propostas

Elaborar, implementar e avaliar accións, programas e proxectos que contribúan á melloras dos procesos educativos.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Coñece os programas ofertados polas diversas administracións, identifica as súas necesidades formativas ao respecto e participa nas propostas co acompañamento de colegas especialistas.</p>	<p><b>5.3.1.</b> Infórmase sobre os programas, accións e procesos ofertados polo centro ou a consellería.</p> <p><b>5.3.2.</b> Intégrase, con axuda de colegas, nas propostas e proxectos levados a cabo no centro educativo que contribúen á mellora.</p> <p><b>5.3.3.</b> Identifica as actividades de formación que debe realizar para iniciar a súa participación en programas, proxectos e propostas.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Participa, colabora e achega propostas de mellora nos proxectos e iniciativas do centro.</p>	<p><b>5.3.4.</b> Participa activamente nos proxectos levados a cabo no centro aportando propostas de mellora que contribúan ao progreso educativo.</p> <p><b>5.3.5.</b> Analiza as posibilidades de cambio dun proxecto ou acción para conseguir a súa mellora.</p> <p><b>5.3.6.</b> Identifica as actividades de formación que debe realizar para poder exercer un liderado distribuído (colaborando de forma activa e facendo propostas).</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Lidera e coordina o deseño e desenvolvemento de programas e proxectos, formando a outras persoas docentes nesta materia.</p>	<p><b>5.3.7.</b> Coordina o desenvolvemento de proxectos nacionais e transnacionais e/ou de programas de acción no centro e/ou na comunidade educativa.</p> <p><b>5.3.8.</b> Forma outros docentes en procesos en cadea e actúa como referente na difusión de experiencias de éxito.</p> <p><b>5.3.9.</b> Os seus proxectos nacionais e transnacionais son modelo para a elaboración doutros similares e susceptibles de ser reproducidos noutros centros e contextos.</p>

### 5.4 Traballo en equipo

Participar activamente no desenvolvemento común de proxectos, aplicando técnicas de traballo grupal como a negociación, solución de problemas e liderado.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Comprende e aplica estratexias colaborativas no traballo co seu equipo, sendo consciente da súa importancia dentro e fóra da aula.</p>	<p><b>5.4.1.</b> Mantén unha actitude favorable á colaboración entre colegas nas tarefas docentes e plans do centro.</p> <p><b>5.4.2.</b> Comprende o proceso de ensino-aprendizaxe como un proceso holístico no que a coordinación do equipo docente é un factor fundamental.</p> <p><b>5.4.3.</b> Coñece modelos e estratexias metodolóxicas que promociónen o traballo colaborativo.</p> <p><b>5.4.4.</b> Traballa en colaboración con colegas e de xeito efectivo para detectar as necesidades do seu alumnado e do seu centro.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Desenvolve proxectos transversais de aula en colaboración co equipo docente e anima a colegas a integrarse neles.</p>	<p><b>5.4.5.</b> Implicase na elaboración e coordinación, xunto outros/as compañeiros/as, de proxectos e programas colaborativos transversais.</p> <p><b>5.4.6.</b> Adopta regularmente estratexias de traballo colaborativo e cooperativo no seu labor profesional.</p> <p><b>5.4.7.</b> Mobiliza o resto da comunidade docente nos proxectos nos que está a participar.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Propón, coordina e lidera proxectos e programas colaborativos e de innovación no centro ou na comunidade, de alcance nacional e internacional.</p>	<p><b>5.4.8.</b> Lidera proxectos e programas colaborativos no seu centro.</p> <p><b>5.4.9.</b> Coordina programas na súa comunidade, nacionais e internacionais.</p> <p><b>5.4.10.</b> Elabora proxectos de innovación docente en equipos de traballo.</p>

## 5.5

### Liderado distribuído

Adquirir habilidades para influír, organizar e motivar un grupo de persoas facendo que todas traballen con entusiasmo cara ao logro das metas e obxectivos marcados.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Intégrase en grupos de traballo favorecendo a atmosfera de cooperación, superando dificultades, cumprindo obxectivos e sendo consciente das fortalezas dos membros do equipo e aprendendo deles.</p>	<p><b>5.5.1.</b> Crea unha boa atmosfera de traballo e unha convivencia positiva cos compañeiros/as e alumnado.</p> <p><b>5.5.2.</b> Cumpre cos obxectivos propostos polo centro en tempo e forma.</p> <p><b>5.5.3.</b> Identifica as dificultades nas relacións cos distintos axentes do sistema educativo intentando aboralas.</p> <p><b>5.5.4.</b> Recoñece os/as compañeiros/as competentes e aprende deles/as.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Organiza equipos de traballo nos que acorda roles e responsabilidades, delegando e optimizando os resultados.</p>	<p><b>5.5.5.</b> Ten a capacidade de comprometer a axentes e recursos competentes para a consecución de proxectos.</p> <p><b>5.5.6.</b> Acorda roles e responsabilidades coas persoas que son membros do seu equipo.</p> <p><b>5.5.7.</b> Delega tarefas e funcións dependendo das necesidades do proxecto.</p> <p><b>5.5.8.</b> Optimiza as capacidades dos membros do seu equipo.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Lidera, dirixe e coordina equipos de traballo na comunidade educativa en proxectos innovadores a nivel local e global, anticipando as necesidades do sistema e propondo solucións replicables.</p>	<p><b>5.5.9.</b> Fomenta, participa e lidera actividades e proxectos de especial relevancia no eido da educación a nivel local e global.</p> <p><b>5.5.10.</b> Mobiliza e organiza a comunidade educativa para levar a cabo propostas, actividades e proxectos no centro e fóra del.</p> <p><b>5.5.11.</b> Lidera a reflexión e a innovación educativa sendo un modelo para a comunidade na identificación, exploración, avaliación, creación e adopción de novos recursos, ferramentas e dinámicas.</p>

## ÁREA SOCIAL

A área competencial social abrangue unha serie de actitudes, habilidades e coñecementos que permiten que o/a docente contribúa á creación de ambientes, por unha banda, saudables, seguros e sostibles ecoloxicamente; e construtivos, respectuosos e interculturais por outra, favorecendo así a convivencia e a inclusión.

As competencias englobadas nesta área son dúas: a que se refire á saúde, seguridade e benestar e a inclusiva, social e cidadá.

Nas súas interaccións e actuacións co alumnado, co equipo de traballo e coa comunidade educativa en xeral, o/a docente poderá deste xeito:

1. **Contribuír á creación dunha comunidade respectuosa co medio natural**, abordando retos globais coma os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
2. **Detectar e prever situacións de risco** a través do diálogo con alumnado, familias e administración.
3. Implementar solucións que conduzan á **promoción da saúde física e mental**.

En suma, a área social desenvolve as capacidades relacionadas coa promoción de hábitos conducentes á boa saúde física e mental e que están relacionados así mesmo con actuacións que favorezan a convivencia positiva, a prevención, a resolución de conflitos e a inclusión.





## Competencia en saúde, seguridade e benestar

### **Finalidade**

Promover o benestar entre os membros da comunidade educativa, nun espazo escolar respectuoso co medio ambiente, sostible e saudable tanto a nivel físico como mental, dando pulo á prevención de condutas de risco entre o alumnado.

### **Definición**

Contribuír activamente á creación de ambientes saudables, seguros e compatibles co desenvolvemento sostible, facéndoo a través da prevención e detección temperá de situacións de risco, da implementación de solucións acordadas e informadas pola normativa vixente e da promoción de hábitos saudables a nivel físico e mental.

## Descritores competenciais

### 6.1

#### Xestión e promoción do benestar e desenvolvemento emocional

Promover actitudes cara á saúde mental, ás diferenzas individuais, á personalidade e á expresión de emocións que fomenten a inclusión e un bo clima escolar desenvolvendo competencias e habilidades para a vida que promovan a autonomía, o autocoñecemento e a prevención de condutas violentas ou discriminatorias e transmitindo coñecementos sobre saúde psicosocial adaptados á idade e ao nivel de madurez de cada alumno ou alumna.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Adquire e transmite coñecementos sobre a saúde psicosocial e propugna actitudes axeitadas para o desenvolvemento emocional, promovendo, con orientación e apoio por parte de profesorado con experiencia e especialistas na materia, un clima escolar inclusivo e respectuoso.</p>	<p><b>6.1.1.</b> Coñece os protocolos de prevención e actuación en saúde psicosocial e quen de compartir as recomendacións pertinentes con alumnado e familias para garantir o seu desenvolvemento emocional.</p> <p><b>6.1.2.</b> Actualiza regularmente os seus coñecementos en materia de saúde psicosocial en función das necesidades do contexto socioeducativo.</p> <p><b>6.1.3.</b> Participa en accións diversas destinadas á promoción dun clima escolar inclusivo e respectuoso seguindo as indicacións e recomendacións de profesorado con experiencia e/ou especialistas na materia.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Promove activamente un clima escolar axeitado para un correcto desenvolvemento emocional e de protección da saúde mental, traballando na autonomía emocional do alumnado e aplicando medidas preventivas de situacións de discriminación ou violencia.</p>	<p><b>6.1.4.</b> Promove a través do seu traballo de aula e de propostas e proxectos educativos un clima escolar axeitado para o correcto desenvolvemento emocional e de benestar.</p> <p><b>6.1.5.</b> Fomenta a autonomía emocional do alumnado dentro e fóra da aula.</p> <p><b>6.1.6.</b> Identifica sinais de alarma e aplica medidas básicas de prevención de situacións de discriminación ou violencias na contorna escolar.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Deseña accións destinadas a mellorar o clima escolar no tocante ao benestar emocional, define e implementa medidas de prevención de situacións de risco e apoia, orienta e forma o profesorado do centro en materia de saúde e desenvolvemento emocional.</p>	<p><b>6.1.7.</b> Define e deseña accións destinadas á protección e promoción do benestar emocional e dos hábitos de vida saudable dentro e fóra do centro escolar.</p> <p><b>6.1.8.</b> Desenvolve e aplica medidas de prevención de situacións de risco dentro e fóra do centro escolar.</p> <p><b>6.1.9.</b> Orienta e proporciona formación ao profesorado do seu centro e/ou doutras institucións educativas en materia de benestar e desenvolvemento emocional.</p>



## 6.2

### Xestión (e promoción) do benestar e desenvolvemento físico

Facilitar, a través da innovación educativa, a investigación e a aplicación de metodoloxías axeitadas, que o conxunto da comunidade educativa se implique e adopte un estilo de vida saudable baseado na calidade nutricional da dieta, a práctica da actividade física, a redución de condutas sedentarias e a prevención das dependencias e do consumo de substancias aditivas.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Adquire e transmite coñecementos sobre a saúde física e propugna actitudes axeitadas para o desenvolvemento físico integral do alumnado, promovendo, con orientación e apoio por parte de profesorado con experiencia e especialistas na materia, a implantación dun estilo de vida saudable na escola.</p>	<p><b>6.2.1.</b> Actualiza regularmente os seus coñecementos en materia de saúde física en función das necesidades do contexto socioeducativo.</p> <p><b>6.2.2.</b> Participa en accións diversas destinadas á promoción dun estilo de vida saudable na escola seguindo as indicacións e recomendacións de profesorado con experiencia e/ou especialistas na materia.</p> <p><b>6.2.3.</b> Transmite ao seu alumnado coñecementos actualizados en materia de saúde física co fin de promover actitudes e condutas beneficiosas para o seu desenvolvemento físico integral.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Promove activamente un clima escolar axeitado para un correcto desenvolvemento físico e protector integral da saúde, traballando na autonomía do alumnado relativa ao coidado do seu corpo e aplicando medidas preventivas de condutas sedentarias e adicións.</p>	<p><b>6.2.4.</b> Promove a través das súas accións e proxectos educativos un clima escolar axeitado para o correcto desenvolvemento físico e a protección integral da saúde.</p> <p><b>6.2.5.</b> Fomenta a autonomía e autoprotección do alumnado no coidado do seu corpo dentro e fóra da aula, proporcionándolle estratexias concretas, dándolle pautas e acompañándoo no proceso.</p> <p><b>6.2.6.</b> Identifica sinais de alarma e aplica medidas básicas de prevención de condutas pouco saudables e usos problemáticos ou de risco e adicións dentro e fóra da contorna escolar.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Deseña accións destinadas a promover un estilo de vida saudable na escola, define e implementa medidas de prevención de situacións de risco sanitario, e orienta e forma o profesorado do centro en materia de saúde e desenvolvemento físico integral. Coñece e participa no plan de autoprotección do seu centro. Participa en medidas de protección de enfermidade crónica.</p>	<p><b>6.2.7.</b> Define e diseña accións destinadas á protección e promoción da saúde física dentro e fóra do centro escolar.</p> <p><b>6.2.8.</b> Implementa medidas de prevención de situacións de risco sanitario dentro e fóra do centro escolar.</p> <p><b>6.2.9.</b> Orienta e proporciona formación ao profesorado do seu centro e/ou doutras institucións educativas en materia de hábitos de vida saudable e desenvolvemento físico integral.</p>

## 6.3 Xestión (e promoción) da conservación e protección do benestar na súa contorna inmediata

Fomentar o pensamento crítico e innovador para promover a transformación e a construción de centros educativos socioemocionais sostibles, cultivando no alumnado aptitudes encamiñadas a resolver problemas ambientais de xeito individual ou colectivo e impulsando o contacto coa natureza a través do deseño de prácticas educativas que promovan o desenvolvemento de espazos e contornas de benestar e protección.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Adquire e transmite coñecementos sobre a contorna inmediata, con orientación e apoio por parte de profesorado con experiencia e especialistas na materia, para promover un clima escolar respectuoso e de defensa do propio.</p>	<p><b>6.3.1.</b> Actualiza regularmente os seus coñecementos en materia de protección e respecto pola contorna en función das necesidades do contexto socioeducativo.</p> <p><b>6.3.2.</b> Participa en accións diversas destinadas á promoción dun clima escolar sostible e da defensa activa da contorna seguindo as indicacións e recomendacións de profesorado con experiencia e/ou especialistas na materia</p> <p><b>6.3.3.</b> Transmite ao seu alumnado coñecementos actualizados sobre a súa contorna e espazos de desenvolvemento co gallo de promover actitudes e condutas axeitadas para a creación dun clima escolar respectuoso coa contorna inmediata.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Promove activamente un clima escolar de respecto e protección da contorna, traballando na autonomía do alumnado e na creación de estruturas colaborativas e aplicando medidas preventivas de situacións de deterioración socioambiental.</p>	<p><b>6.3.4.</b> Promove a través das súas accións e proxectos educativos un clima escolar de respecto e protección.</p> <p><b>6.3.5.</b> Fomenta a autonomía do alumnado para protexer e preservar a contorna e os espazos comúns e crear estruturas colaborativas con este fin.</p> <p><b>6.3.6.</b> Identifica sinais de alarma e aplica medidas básicas de prevención en caso de situacións de deterioración ambiental ou de agresións ao común.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Deseña accións destinadas a mellorar o clima escolar no tocante á protección e ao respecto á contorna, define e implementa medidas de prevención de situacións lesivas e estruturas cooperativas da comunidade escolar, orientando e formando o profesorado do centro en materia de coidados do medio.</p>	<p><b>6.3.7.</b> Define e diseña accións destinadas a promover o respecto e protección da contorna así como o desenvolvemento respectuoso dentro e fóra do centro escolar.</p> <p><b>6.3.8.</b> Implementa medidas de prevención de actuacións lesivas para a contorna e os espazos socioambientais.</p> <p><b>6.3.9.</b> Deseña e pon en marcha estruturas cooperativas da comunidade escolar encamiñadas á conservación e protección do medio e da contorna.</p>

## 6.4 Detección e xestión de situacións de risco

Mellorar a atención ao alumnado ante situacións de risco e/ou sospeita de maltrato, acoso ou calquera outra situación que supoña menoscabo da convivencia e da saúde mental e física, combinando procesos de detección temperá como a notificación, derivación, actuación e coordinación intra e interinstitucional.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Adquire e transmite coñecementos sobre situacións de risco promovendo, con orientación e apoio por parte de profesorado con experiencia e especialistas na materia, unha contorna escolar segura.</p>	<p><b>6.4.1.</b> Actualiza regularmente os seus coñecementos en materia de autoprotección e prevención de riscos na contorna escolar.</p> <p><b>6.4.2.</b> Identifica os aspectos esenciais que poden supoñer un risco para o desempeño eficaz da súa práctica docente.</p> <p><b>6.4.3.</b> Participa na promoción dunha contorna escolar segura para o conxunto da comunidade escolar coa orientación e apoio de profesorado con experiencia e/ou especialistas na materia.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Promove activamente unha contorna escolar segura e exenta de calquera forma de violencia física ou verbal, traballando na autoprotección do alumnado e na creación de estruturas colaborativas intra e interinstitucionais e aplicando medidas preventivas de situacións de risco.</p>	<p><b>6.4.4.</b> Incorpora á súa actividade docente medidas destinadas á mellora da autoprotección na comunidade educativa.</p> <p><b>6.4.5.</b> Participa na creación de estruturas colaborativas intra e interinstitucionais para a prevención e xestión de situacións de risco.</p> <p><b>6.4.6.</b> Aplica autonomamente as medidas deseñadas no centro para a prevención e actuación de situacións de risco.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Deseña e implementa accións destinadas a crear unha contorna escolar segura e exenta de calquera forma de violencia física ou verbal. . Lidera accións de mellora en materia de prevención e detección temperá de riscos.</p>	<p><b>6.4.7.</b> Deseña e implementa accións e proxectos educativos destinados á creación dunha contorna escolar segura e exenta de calquera forma de violencias físicas ou verbais.</p> <p><b>6.4.8.</b> Propón, crea e supervisa estruturas cooperativas para a autoprotección e a prevención de riscos dentro e fóra da súa comunidade escolar.</p> <p><b>6.4.9.</b> Orienta, diseña e dá formación ao profesorado do seu centro e/ou doutras institucións educativas en materia de prevención e detección temperá de riscos.</p>



## Competencia inclusiva, social e cidadá

### Finalidade

Crear un ecosistema de aprendizaxe e interacción democrático, plural e aberto no que o alumnado poida desenvolverse de maneira integral, colaborando e exercendo unha cidadanía responsable.

### Definición

Promover un clima de convivencia positiva no que se considera a diversidade como un activo de aprendizaxe, se desenvolve a conciencia intercultural e internacional e se atende a prevención e resolución de conflitos, fomentando a xustiza social e o respecto.

## Descritores competenciais

7.1

### Convivencia, mediación e resolución de conflitos

Comprender e guiar na resolución pacífica de conflitos así como na prevención destes para unha convivencia positiva. Favorecer contornas nas que prime a escoita activa, o diálogo e o respecto.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Recoñece a importancia das medidas para a mellora da convivencia, comprendéndoas na súa base e aplicándoas con axuda na aula.</p>	<p><b>7.1.1.</b> Recoñece a necesidade da prevención, mediación e resolución de conflitos na mellora da convivencia no centro.</p> <p><b>7.1.2.</b> Aplica con axuda e tutela de colegas expertos estratexias e dinámicas para a xestión de conflitos.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Selecciona e aplica de xeito autónomo estratexias acaídas para unha convivencia positiva na aula.</p>	<p><b>7.1.3.</b> Analiza de maneira crítica o fundamento dos diferentes enfoques na xestión de conflitos mantendo un clima de aula agradable.</p> <p><b>7.1.4.</b> Aplica de xeito autónomo unha variedade de estratexias e dinámicas para a xestión de conflitos, adaptándoas ao seu contexto de aula.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Coordina e xestiona a implementación de medidas en prol da convivencia no centro e na comunidade educativa.</p>	<p><b>7.1.5.</b> Adapta plans, medidas e iniciativas que favorecen a convivencia no seu centro educativo.</p> <p><b>7.1.6.</b> Deseña plans, medidas e iniciativas que favorecen a convivencia nos centros educativos.</p> <p><b>7.1.7.</b> Lidera a implantación de programas e plans para a mellora da convivencia no seu centro educativo.</p>

7.2

### Inclusión e igualdade

Potenciar as capacidades de todo o alumnado, atendendo as súas necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións socioculturais. Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado a partir da construción da propia identidade de xénero e as súas relacións afectivas, dende unha óptica baseada na igualdade e aceptación da diversidade.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Recoñece a relevancia e a necesidade da orientación e da atención á diversidade, a normativa que as regula e aplícaa tuteladamente na súa aula.</p>	<p><b>7.2.1.</b> Recoñece a importancia da orientación e da atención á diversidade e o fomento da igualdade no contexto do seu centro.</p> <p><b>7.2.2.</b> Comprende as novidades normativas relacionadas coa atención á diversidade e á igualdade de aplicación ao seu contexto socioeducativo.</p> <p><b>7.2.3.</b> Aplica con axuda e tutela de colegas especialistas a normativa vixente en prol da inclusión e da igualdade.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Desenvolve as tarefas precisas en prol da inclusión e a igualdade, adaptadas ás necesidades da súa aula e en colaboración co equipo de orientación.</p>	<p><b>7.2.4.</b> Adapta os aspectos fundamentais da normativa relacionada coa atención á diversidade e igualdade á realidade da aula.</p> <p><b>7.2.5.</b> Traballa e colabora co equipo de orientación aplicando medidas concretas de inclusión e a igualdade na aula.</p> <p><b>7.2.6.</b> Integra boas prácticas de inclusión e atención á diversidade na realidade da súa aula a través de estratexias metodolóxicas variadas.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Lidera o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas coordinadas en prol da inclusión e da igualdade na comunidade educativa.</p>	<p><b>7.2.7.</b> Deseña estratexias metodolóxicas para a atención á diversidade e o fomento da igualdade na comunidade educativa.</p> <p><b>7.2.8.</b> Implica á comunidade educativa en proxectos centrados na atención á diversidade e o fomento da igualdade.</p> <p><b>7.2.9.</b> Coordina a colaboración do centro coas entidades do eido da inclusión e igualdade.</p> <p><b>7.2.10.</b> Avalía a implementación de estratexias metodolóxicas para a atención á diversidade e igualdade no seu centro.</p>

### 7.3 Xustiza social e valores

Fomentar na comunidade educativa a responsabilidade individual e compartida así como o compromiso coa xustiza social. Potenciar e afianzar unha forma de ser e comportarse baseada no respecto aos demais no seo da comunidade educativa e contorna.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Recoñece a importancia da igualdade social e implementa na aula medidas básicas en prol da equidade de xeito tutelado.</p>	<p><b>7.3.1.</b> Identifica boas prácticas de atención á diversidade étnica, social e de xénero.</p> <p><b>7.3.2.</b> Analiza os posibles factores de desigualdade social do contexto para aplicar estratexias básicas que fomenten a equidade na aula.</p> <p><b>7.3.3.</b> Integra, con axuda e tutela, estratexias básicas de inclusión adaptándoas ás características.</p> <p><b>7.3.4.</b> Aplica estratexias de prevención do absentismo e abandono escolar.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Implementa estratexias propias e alleas de xeito autónomo para o reforzo da equidade social e para a prevención do abandono. Actúa para compensar fendas de xénero, fenda dixital ou de orixe económico e social e recoñece a discriminación dupla, cando esta se produce.</p>	<p><b>7.3.5.</b> Implementa boas prácticas que reforzan o carácter compensatorio da educación aplicándoas de xeito autónomo á súa práctica docente.</p> <p><b>7.3.6.</b> Deseña estratexias metodolóxicas e de organización da aula para facer fronte ás fendas de xénero, dixital ou de orixe económico e social.</p> <p><b>7.3.7.</b> Traballa e colabora nos programas impulsados polo centro e/ou a administración educativa en cooperación coas entidades sociais para previr o absentismo e/ou abandono escolar.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Coordina e promove estratexias metodolóxicas no seu centro e na comunidade educativa en prol dunha escola para todas e todos.</p>	<p><b>7.3.8.</b> Lidera a implantación de estratexias metodolóxicas para a inclusión social na comunidade educativa.</p> <p><b>7.3.9.</b> Coordina a colaboración do centro coas entidades sociais.</p> <p><b>7.3.10.</b> Deseña estratexias de organización de centro para a prevención do absentismo e do abandono escolar.</p> <p><b>7.3.11.</b> Avalía a implementación de estratexias metodolóxicas para unha escola inclusiva.</p> <p><b>7.3.12.</b> Implica a comunidade educativa nos procesos de atención á diversidade e na creación dunha escola para todos/as.</p>

### 7.4 Conciencia e expresión cultural

Coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas. Utilizar estas últimas como fonte de enriquecemento e gozo persoal, considerándoas parte da riqueza e do patrimonio dos pobos.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Recoñece a diversidade cultural en todos os seus ámbitos e momentos temporais aproveitándoas como recurso educativo.</p>	<p><b>7.4.1.</b> Recoñece a diversidade cultural e lingüística globais así como a relevancia dos factores estéticos na vida cotiá e no seu contexto socioeducativo.</p> <p><b>7.4.2.</b> Comprende a herdanza cultural a nivel autonómico, nacional e internacional e relaciónaa co seu contexto socioeducativo.</p> <p><b>7.4.3.</b> Tenta aproveitar a diversidade cultural presente na súa aula como fonte de enriquecemento do proceso educativo.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Utiliza diferentes estratexias metodolóxicas para a sensibilización do alumnado ante a diversidade cultural como fonte de riqueza.</p>	<p><b>7.4.4.</b> Emprega distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos de aula en prol do enriquecemento cultural.</p> <p><b>7.4.5.</b> Integra na súa práctica docente a análise crítica das opinións creativas e expresivas propias e doutras culturas.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Desenvolve proxectos culturais e interculturais no centro e na comunidade educativa.</p>	<p><b>7.4.6.</b> Deseña proxectos en colaboración co equipo docente que contribúen ao desenvolvemento da expresión cultural.</p> <p><b>7.4.7.</b> Desenvolve estratexias que promoven a interculturalidade no seu centro e na comunidade educativa.</p> <p><b>7.4.8.</b> Promove a conciencia cultural no seu alumnado asegurando unha actitude aberta e respectuosa nas súas escollas, producións e interaccións.</p> <p><b>7.4.9.</b> Avalía o impacto do desenvolvemento de proxectos culturais e interculturais na comunidade educativa.</p>

## 7.5

### Internacionalización

Coñecer, promover e activar os mecanismos de internacionalización do centro, participando neles, creando sinerxías, achegando propostas e implementando resultados para a mellora do ensino e da propia formación docente.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Coñece os mecanismos de internacionalización do centro educativo e identifica, tanto as necesidades formativas para a súa correcta implementación, coma os beneficios que esta lle reporta ao centro.</p>	<p><b>7.5.1.</b> Infórmase sobre os diferentes programas, modalidades e vías de internacionalización existentes no eido educativo.</p> <p><b>7.5.2.</b> Identifica os beneficios (a nivel de centro, de aula e persoal) derivados da internacionalización do centro educativo.</p> <p><b>7.5.3.</b> Detecta as necesidades formativas propias para poder integrarse no equipo de internacionalización do centro educativo.</p> <p><b>7.5.4.</b> Participa puntualmente, colaborando co equipo de internacionalización do centro ou botando a andar actividades concretas de colaboración.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Promove a activa internacionalización do centro mediante a súa participación nos equipos de internacionalización, a creación de sinerxías con centros estranxeiros e a implementación de resultados.</p>	<p><b>7.5.5.</b> Participa nos equipos dos proxectos de internacionalización existentes no seu centro.</p> <p><b>7.5.6.</b> Colabora no deseño do Plan de Internacionalización de centro.</p> <p><b>7.5.7.</b> Tece redes de traballo con profesorado de centros estranxeiros cuxo perfil responde ás necesidades e obxectivos recollidos no Plan de Internacionalización do centro.</p> <p><b>7.5.8.</b> Familiarízase cos sistemas educativos das institucións sociais, dando a coñecer o propio para a creación de sinerxías.</p> <p><b>7.5.9.</b> Implementa melloras no seu centro derivadas do aprendido na/s mobilidade/s e curso/s realizado/s.</p> <p><b>7.5.10.</b> Realiza mobilidades e/ou cursos no estranxeiro levando a cabo unha preparación previa e definindo os obxectivos que se pretenden acadar.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Lidera o equipo de internacionalización do seu centro, exercendo a coordinación dos proxectos concedidos, promovendo a súa difusión e fomentando a formación docente.</p>	<p><b>7.5.11.</b> Redacta proxectos de internacionalización do centro educativo empregando as ferramentas requiridas.</p> <p><b>7.5.12.</b> Lidera o equipo de internacionalización do seu centro levando a cabo a coordinación dos proxectos concedidos.</p> <p><b>7.5.13.</b> Difunde na comunidade educativa e na contorna os beneficios obtidos a partir da internacionalización do centro educativo.</p> <p><b>7.5.14.</b> Orienta e forma o profesorado do centro e/ou doutras institucións educativas en materia de internacionalización.</p>

## 7.6

### Educación para o desenvolvemento sostible

Integrar unha visión educativa para o desenvolvemento global sostible na realidade de aula e de centro na procura de estratexias transformadoras.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
<p><b>Básico:</b></p> <p>Coñece os ODS e a súa relevancia educativa integrándoos con axuda na realidade da aula.</p>	<p><b>7.6.1.</b> Comprende como a diversidade cultural, a igualdade de xénero, a xustiza social, a protección ambiental e o desenvolvemento persoal son elementos integrais e necesarios da EDS.</p> <p><b>7.6.2.</b> Integra os seus coñecementos sobre o desenvolvemento global sostible, os distintos ODS e os temas e desafíos relacionados con estes no deseño da súa programación de aula.</p> <p><b>7.6.3.</b> Aplica con axuda e tutela os distintos ODS na súa práctica de aula.</p>
<p><b>Medio:</b></p> <p>Integra unha visión educativa para o desenvolvemento global sostible na súa práctica docente que vai dende a avaliación á práctica metodolóxica.</p>	<p><b>7.6.4.</b> Involucra o alumnado en procesos participativos, sistémicos, creativos, innovadores e de cambio sostible.</p> <p><b>7.6.5.</b> Implementa prácticas na aula que presentan unha visión integradora dos ODS tendo en conta as dimensións sociais, ecolóxicas, económicas e culturais e incluíndo a xustiza interxeracional e mundial.</p> <p><b>7.6.6.</b> Adopta perspectivas pedagóxicas, na súa materia e de xeito transversal, sobre temas de cambio mundial e a súa repercusión local.</p> <p><b>7.6.7.</b> Avalía o desenvolvemento do alumnado nas competencias transversais de sostibilidade e os resultados específicos de aprendizaxe relacionados con esta.</p>
<p><b>Avanzado:</b></p> <p>Dirixe, xestiona e dinamiza proxectos no centro e na comunidade educativa con estratexias transformadoras para o desenvolvemento sostible.</p>	<p><b>7.6.8.</b> Establece relacións colaborativas entre o centro e organizacións da contorna identificando oportunidades locais de aprendizaxe relacionadas co desenvolvemento sostible.</p> <p><b>7.6.9.</b> Actúa como un axente de cambio nun proceso de aprendizaxe organizativa que impulsa a súa escola cara ao desenvolvemento sostible.</p> <p><b>7.6.10.</b> Avalía os procesos e desafíos da EDS e a importancia do rol do centro educativo para acadar os ODS.</p> <p><b>7.6.11.</b> Orienta e forma o profesorado do centro e/ou doutras institucións educativas en materia de desenvolvemento sostible.</p>





**AS COMPETENCIAS  
PROFESIONAIS  
DOCENTES**

## **IV. O modelo competencial como ferramenta de reflexión e planificación**



Tras analizar a estrutura do novo modelo competencial e do contexto no que xorde e se entretece, chegamos a un punto clave: a súa utilidade para o persoal docente, o centro e a administración educativa.

O modelo competencial preséntase como un instrumento valioso de reflexión e planificación que converte, tanto a persoa docente coma o centro educativo, en axentes activos no proceso de toma de decisións a través da análise, reflexión, detección de necesidades e da planificación individual e colectiva, sendo conscientes en todo momento dos chanzos do seu desenvolvemento profesional.

Dende a perspectiva da administración educativa, e máis concretamente da Rede de Formación do Profesorado, o marco competencial é unha ferramenta valiosa para a detección global e a planificación de propostas formativas, tal e como se recolle a continuación.

## IV.1 Autorreflexión e autoavaliación: docente e centro educativo

A estrutura do novo marco competencial docente debe servir non só para a adquisición e desenvolvemento das competencias profesionais docentes, senón tamén como ferramenta de autorreflexión e autoavaliación, así como para informar da toma de decisións dos protagonistas do sistema educativo:

### O profesorado: autorreflexión da súa competencia profesional

Para que o novo marco cumpra este labor, as competencias profesionais deben ser medibles. Isto acádase mediante a introdución duns indicadores de logro unívocos e graduados nos tres niveis anteriormente analizados (básico, medio e avanzado). Estes permítenlle ao/a docente coñecer o nivel de adquisición de cada competencia, cales debe traballar máis e cales constitúen as súas fortalezas. Deste xeito, a/o docente pode trazar o seu propio mapa competencial e analizar a fase de formación na que se atopa.

Neste proceso de autorreflexión cada docente convértese en suxeito avaliador do dominio acadado ao longo da súa práctica profesional. A información obtida e analizada serve como avaliación diagnóstica das competencias do marco xa acadadas ou das aínda pendentes de desenvolver. Tamén se proporciona información do nivel de logro atinxido en cada unha delas, do proceso levado a cabo para a súa adquisición progresiva e das necesidades formativas persoais actuais. É por iso que este modelo se presenta como unha ferramenta básica para que os e as docentes poidan autorregular a súa aprendizaxe, identificar o seu desempeño profesional docente de modo global e progresar na súa mellora continua.

## O centro educativo: autorreflexión e autoavaliación do profesorado

O novo marco ten tamén un impacto directo na vida do centro educativo, entendido este como unha entidade intelixente que aprende, fía coñecementos e que axuda os seus membros a formarse e a mellorar.

A súa utilidade reside no feito de que permite, a través da reflexión colectiva e da observación, unha análise da situación competencial do claustro e facilita a detección de necesidades formativas. Esta detección é o chanzo previo preciso para a elaboración de itinerarios de formación especificamente deseñados que dean cobertura ás necesidades detectadas e que teñan en conta a especificidade do propio centro e do seu contexto.

Un claustro competente, como organismo intelixente, toma decisións fundamentadas no modelo competencial, tanto en materia de formación como en cuestións de desenvolvemento estrutural do propio centro educativo: deseño e distribución de espazos, mobiliario, tempos, metodoloxías, convivencia, inclusión e calquera outro aspecto que afecte á vida do centro.

Os equipos directivos contan así cunha ferramenta adicional que propiciará a formulación de propostas e iniciativas para o liderado do colectivo nunha ou noutra dirección.

A solidez do modelo garante o crecemento da organización, que traballa en prol do éxito educativo, da mellora das competencias do alumnado e que enriquece deste xeito o sistema educativo galego.

## IV.2 Detección de necesidades e planificación da formación

Como resultado do proceso de autorreflexión e autoavaliación individual e de centro analizados no apartado anterior, o marco competencial permite obter unha radiografía da formación docente actual. Esta reflicte a súa evolución e mellora constantes e permite identificar o seu grao de desenvolvemento a través da análise dos indicadores de logro dos niveis competenciais (asociados a todas as propostas formativas da rede) trazando así unha liña clara do seu progreso formativo.

O modelo competencial diagnostica o estado formativo do profesorado e das organizacións educativas. Isto permítelle á Rede de Formación non só acompañar o persoal docente na súa aprendizaxe permanente, respondendo ás súas necesidades formativas, senón tamén adiantarse a elas planificando a formación anual en función das necesidades globais detectadas.

Tal planificación anual aborda o deseño de itinerarios formativos que permiten ás/aos profesionais personalizar a súa formación escollendo un ou outro itinerario e unha ou outra actividade formativa dentro deste en función das súas expectativas, necesidades e, sobre todo, daquelas competencias que precise reforzar.



Por outra banda, alén do deseño dos Plans Anuais de Formación, o marco permitirá definir e desenvolver políticas e estratexias administrativas adaptadas á situación concreta do profesorado galego, tendo en conta a fase do desenvolvemento competencial na que se atope e o difícil e cambiante contexto educativo actual que condiciona as características esenciais do profesorado competente.

O novo marco, polo seu carácter cualitativo e cuantificable, permítenos dar resposta a todas as cuestións relevantes en materia de desenvolvemento profesional docente e, en última instancia, achegarnos ao obxectivo fundamental de prover o profesorado dunha formación dinámica adaptada ás necesidades e características do seu alumnado e dunha sociedade en permanente transformación.

Unha formación de calidade desenvolvida co apoio do novo marco competencial terá o consecuente reflexo directo no éxito do seu alumnado.



**AS COMPETENCIAS  
PROFESIONAIS  
DOCENTES**

## **Bibliografía**

- » **OECD. (2005)** *Attracting, Developing and Retaining Effective Teachers - Final Report: Teachers Matter - OECD.* <https://www.oecd.org/education/school/attractingdevelopingandretainingeffectiveteachers-finalreportteachersmatter.htm>
- » **Mourshed, M., Chijioke, C., & Barber, M. (2010, noviembre)** *How the world's most improved school systems keep getting better* | McKinsey. <https://www.mckinsey.com/industries/education/our-insights/how-the-worlds-most-improved-school-systems-keep-getting-better>
- » **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. (2017)** *Mejora de la formación docente en Galicia: competencias profesionales.* [https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/competencias\\_profesionales\\_cast\\_19\\_xul\\_2018\\_es.pdf](https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/competencias_profesionales_cast_19_xul_2018_es.pdf)
- » **UNESCO. (2017)** *Educación para los Objetivos de Desarrollo Sostenible: Objetivos de aprendizaje—UNESCO Digital Library.* <https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000252423>
- » **OECD. (2018)** *The future of education and skills: Education 2030.* Paris. <http://www.oecd.org/education/2030/oecd-education-2030-position-paper.pdf>
- » **THE COUNCIL OF THE EUROPEAN UNION. (2018).** *COUNCIL RECOMMENDATION of 22 May 2018 on key competences for lifelong learning.* Council of Europe. [https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/PDF/?uri=CELEX:32018H0604\(01\)&rid=7](https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/PDF/?uri=CELEX:32018H0604(01)&rid=7)
- » **European Union. (2019)** *EntreComp: the European Entrepreneurship Competence Framework.* <https://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=738&langId=es&pubId=8201&furtherPubs=yes>
- » **OECD. (2019), TALIS 2018 Results (Volume I): Teachers and School Leaders as Lifelong Learners,** TALIS, OECD Publishing, Paris. <https://doi.org/10.1787/1d0bc92a-en>
- » **OECD. (2020), TALIS 2018 Results (Volume II): Teachers and School Leaders as Valued Professionals,** TALIS, OECD Publishing, Paris. <https://doi.org/10.1787/19cf08df-en>
- » **UNESCO. (2020)** *Informe de seguimiento de la educación en el mundo, 2020: Inclusión y educación: todos y todas sin excepción - UNESCO Digital Library.* <https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000374817>
- » **UNESCO. (2022)** *Informe de seguimiento de la educación en el mundo 2022: informe sobre género, profundizar en el debate sobre quienes todavía están rezagados.* <https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000382498>
- » **EURYDICE. (2002)** *Temas clave de la educación en Europa. Volumen 3. La profesión docente en Europa: perfil, tendencias y problemática. Informe I: formación inicial y transición a la vida laboral - Publicaciones - Ministerio de Educación y Formación Profesional.* <https://sede.educacion.gob.es/publiventa/temas-clave-de-la-educacion-en-europa-volumen-3-la-profesion-docente-en-europa-perfil-tendencias-y-problematica-informe-i-formacion-inicial-y-transicion-a-la-vida-laboral/sociologia/11393>

- » **Bianchi, Guia, Pisiotis, Ulrike and Cabrera Giraldez, Marcelino, (2022)** *GreenComp The European sustainability competence framework, No JRC128040, JRC Research Reports, Joint Research Centre (Seville site)*. <https://econpapers.repec.org/paper/iptiptwpa/jrc128040.htm>
- » **Conferencia Sectorial de Educación. (2022, marzo 7)** *Marco de Referencia de la Competencia Digital Docente. INTEF*. [https://intef.es/wp-content/uploads/2022/03/MRCDD\\_V06B\\_GTTA.pdf](https://intef.es/wp-content/uploads/2022/03/MRCDD_V06B_GTTA.pdf)
- » **OECD. (2022)** *Mending the Education Divide: Getting Strong Teachers to the Schools That Need Them Most, TALIS, OECD Publishing, Paris*. <https://doi.org/10.1787/92b75874-en>

